

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán · xaneiro - febreiro - marzo 2003]

ARTIGOS

A XIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

Curtas de cine

Lembranza do Barrio de Canido

Falamos de:

A Burla Negra

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA



nº 11

MARIO VALDIVIESO

As Nosas Tradicións O Magosto Xentes Xaime Quintanilla
Outras entidades V I R I A T O Humor Sex
E ademais... SERVICIOS, BREVES, O PARNASO, MATA-RATOS e
A PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE



SUMARIO

EDITORIAL 5

SERVICIOS
Hemeroteca 6
Biblioteca 7
Club de lectura 8

XENTES
Xaime Quintanilla, por Eduardo Fra Molinero 9

OUTRAS ENTIDADES
A micoloxía en Ferrolterra (V I R I A T O) 10

FALAMOS DE...
A Burla Negra, por Cristina Meizoso Alonso 12
Breves reflexiones sobre *Los lunes al sol*, por Dolores Riesgo Fernández 14
Guía para perplexas de Pepa Beltrán 15
A maior traxedia marítima da historia de España, por Primitivo B. González López 16

AS NOSAS TRADICIÓNS
O Magosto, por Andrés Pena 18

EXPOSICIÓNS 21

PROGRAMACIÓN 22

ARTIGOS
As XIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, por Henrique Torreiro 25
Curtas de cine, por Lidia Mosquera 27
Lembranza do barrio de Canido e a súa memoria histórica, por Juan J. Burgoa Fernández 29

BREVES 33

MANIFESTO DA PLATAFORMA CIDADÁ «NUNCA MÁIS» 35

CORREO 36

O PARNASO
Rosa Méndez Fonte 38
Xosé Leira López 39
Loli Leira 39
Rosa Mª Martínez Dios 39
Lino Braxe 40
Mario Valdivieso 40

CONVOCATORIA
Asamblea Xeral Ordinaria 41

MATA-RATOS 42



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 11
Xaneiro-Febreiro-Marzo
2003

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99



REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo,
Fernando Ocampo Montesinos
e María do Mar Villares Díaz

DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Adriana Fernández Acebo, Eduardo Fra Molinero, Asociación Viriato, Cristina Meizoso, Dolores Riesgo Fernández, Blanca Quintanilla, Primitivo B. González López, Casa da Xuventude de Ourense, Mario Valdivieso, Rosa Méndez, Xosé Leira, Lino Braxe, Rosa Mª Martinez Dios, Loli Leira, Jorge Meis, Xurxo Lobato, Xesús Ponte, Lidia Mosquera, Juan J. Burgoa



Bodega




Madalena, 147

CADENA DIAL

RIAS ALTAS

98.5 FM



15405 FERROL
Carretera Catabois, Km. 3,300
Telf.: 981 323 450
E mail.: distriga@teleline.es

15190 A CORUÑA
Polígono de Pocomaco
Avda.: B-9, Local 1
Telf.: 981 297 688
E mail: distriga@teleline.es

Periódicos y Revistas

Nuestra zona de distribución son las ciudades de Ferrol y A Coruña y todos los pueblos de la comarca



EDITORIAL



GRAN TEATRO, que queiramos ou non está a ser ou seguirá sendo este mundo que nos tocou vivir, a cada un no seu tempo, ten nestes días, neste final do 2002, unhas representacións, unhas escenas tráxico-cómicas de gran altura dramática, de dura realidade, de contrastes, estridencias, sentimentos, penurias e desesperacións, merecedoras dun gran drama musical que de seguro sería incapaz de recoller todo o que estamos a vivir na nosa GALICIA.

Sería moi longo e non é a nosa intención recoller e reflectir minimamente neste momento os variados e diversos papeis que están a representar tantos persoeiros da vida pública, política, civil e social ó longo e ancho da nosa xeografía, e de tódolos estamentos sociais. Deixamos á imaxinación dos lectores este exercicio.

E falando de TEATRO e sobrepoñéndonos á realidade dura e transcendente á que nos referimos, non podemos pasar por alto a traxectoria difusora e potenciadora desta actividade artística que ó longo da súa existencia vén desenvolvendo o noso ATENEO.

É moi importante que os Socios e Socias, e o público en xeral coñezan este aspecto da actividade cultural do ATENEO FERROLÁN.

A primeiros de decembro presentouse o libro de ÁNXELA LOUREIRO "Camiño perigoso" e nunha "solapiña" cita a primeira obra dela "¡Ollo, hai lurpias na horta!" que acadou o primeiro premio de Teatro Infantil no ATENEO FERROLÁN.

Quizais naqueles anos, 1978, foi un certame precipitado e de feito non tivo continuidade... En 1986 (século pasado para que conste), o ATENEO FERROLÁN lanza a súa iniciativa XOVES TEATRAIS co lema CREAR E RECUPERAR CIRCUÍTOS TEATRAIS e cos seguintes obxectivos:

1.- Acercamento dos espectáculos teatrais ó público, para crear neles inquedanzas por esta actividade cultural que é o teatro.

2.- Un primeiro paso de cara á recuperación ou creación dun circuíto estable de teatro que permita o acceso ás actividades teatrais da meirande parte da poboación de Galicia.

3.- Dadas as dificultades de contratación coas que se atopan os grupos (acentuadas no inverno), busca-lo xeito de promovelas con convenios deste tipo entre sociedades e institucións.

O 25-01-86 fíxose a presentación deste ambicioso Proxecto do ATENEO amparado pola Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, a Comisión de Cultura do Concello de Ferrol, e mais CAIXA GALICIA.

En xuño de 1988, durante 5 xornadas ten lugar no ATENEO FERROLÁN, o 1° ENCONTRO DO TEATRO PROFESIONAL GALEGO, espléndido e inaudito acontecemento neste marco que estamos a subliñar da teima do ATENEO FERROLÁN por esta actividade artística. Unha publicación da Dirección Xeral de Cultura recolle os traballos, debates, relatorios, exposicións e representacións deste importante acontecemento.

Logo duns anos de progresivo declive desta actividade, plantámonos no ano 1995, ano en que rexorden con forza os XOVES TEATRAIS da man do ATENEO FERROLÁN e mais a Concellería de Cultura do Concello de Ferrol.

A semente estaba botada, as compañías, tanto profesionais como afeccionados, traballaban e traballan con entusiasmo arroupadas por un público fiel e entusiasta.

Da man, xa necesaria, da Concellería de Cultura, pola dimensión que acada o PROXECTO, espállanse as representacións a todo Ferrolterra.

Pero o ATENEO, na teima de mellorar e perpetuar esta actividade garantindo e botando raíces para o futuro, e coas miras postas na recuperación no seu momento dun gran certame de creación literaria de obras teatrais, lanza a partir deste 2002-2003 o 1° Certame de Representación Teatral Infantil e Xuvenil, co patrocinio de CAIXANOVA.

Apoiamos na medida das nosas posibilidades as representacións con alta participación popular e cidadá e confiamos en que a consolidación de FERROL DA ILUSTRACIÓN, propicie novos episodios como o inesquecible de LISÍSTRATA, a BATALLA DE BRIÓN, e os que han de vir no marco incomparable de San Felipe. ¡Cantas veces os "profesionais" dan o cante, patinan estrepitosamente, e os espontáneos, os de a pé, o pobo, acerta e resolve!

Pero a realidade segue a golpear nas nosas **costas**, nunca mellor dito no dobre sentido que ten. Ós espectadores sufridores da traxedia encólleselles o corpo e o espírito. Os "actores" principais non acaban de enteirarse de se están na escena, no limbo ou no chan. Onde non parecen estar é na costa. O pobo galego que berrou e berra **NUNCA MÁIS**, ten que dicir cando lle toque:


... ¡ACABOUSE A FUNCIÓN, A VOSA FUNCIÓN (DOS INCAPACES), IMOS INICIAR NOVAS ETAPAS, CON NOVOS ACTORES E NOVAS ESPERANZAS! ¡ADIANTE! 88

ATENEO FERROLÁN



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




Idea
Intercambio de experiencias de Aula
Nº 8 - 2002 ISSN:1135-1543
Ed. Xunta de Galicia



Ría de Ferrol.
A perla ártabra
Cadernos do Ateneo Ferrolán
nº 16 - 2002




A Tenencia
Revista cultural de estudios locais
Agrupación instructiva
Caamouco.



Círculo de Dirigentes
Nº 53



Anuario Brigantino
Nº 24 - 2001



Tempos Novos
Nº 66
Revista mensual de información para o debate.



Guadalimar
Nº 162
ISSN: 0210-1254



Revista de Estudios Mindonienses
Nº 18

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed. Ir Indo


Enciclopedia Británica

Anuarios de Difusora internacional

Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións. Tomo XXXIX

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Manuel María. Obra poética completa. Vols. I y II
Miguel Anxo Fernán-Vello (dir.)
Ed. Espiral Maior
A Coruña 2001
ISBN: 84-95625-29-6



Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial
VV. AA.
Ed. Concello de Ferrol
Ferrol 2002
D.L.: C-2508/02



Antón Avilés de Taramancos
Xosé María Álvarez Cáccamo
Ed. A Nosa Terra
Vigo 2002
ISBN: 84-95350-73-4



Memorias periodísticas del Ferrol de los cincuenta
José Mª López Ramón
Ed. Embora
Ferrol, 2002
ISBN : 84-95460-18-1



José López Bouza. Do anarquismo ao republicanismo
Eliseo Fernández Fernández
Edicións do Castro
Sada, 2002
ISBN: 84-8485-069-2



Cien preguntas sobre el nuevo desorden
Carlos Taibo
Ed. Suma de Letras
Madrid, 2002
ISBN: 84-663-0571-8



O sangue dos árabes
Lino Braxe
Ed. Xerais
Vigo, 1999
ISBN: 84-8302-451-9



Las andanzas del Sopiñas
Santiago González-Llanos Galvache
Ed. Embora
Ferrol, 2002
ISBN : 84-95460-19-X

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol	**El Correo Gallego**	**A Nosa Terra**	**El País**
La Voz de Galicia	**O Correo Galego**	**O Comarcal**	**El Mundo**
	Faro de Vigo		









CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros
MARTES DE CADA MES.

Encontros coa LECTURA
baixo a coordinación de
ÁNXELES SEOANE.

Xúntanse de 15-20 socios/as e público en xeral, que se reúnen tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.



XAIME QUINTANILLA

Por Eduardo Fra Molinero

Botáronse moitos chistes sobre que Ferrol tiña de alcalde un médico forense, e despois recuncamos con outro e estivemos a piques de que un partido dos importantes presentase a un psiquiatra. A situación da cidade non era por suposto para botar foguetes, pero os chistes tiraban con bala e a mala intención.

O caso é que Quintanilla Ulla foi o primeiro Alcalde da democracia reinstaurada. Como fillo daquel outro Quintanilla, tamén médico e alcalde, republicano e socialista que colaborou arreo con Castelao no Estatuto de Galicia, mesmo na súa casa se fixeran xuntas preparatorias, "paseado" nos primeiros días do alzamento militar do 36, Quintanilla Ulla traía á política a idea de recuperar unha normalidade democrática, un sentido humanitario do público, e bastante sentidiño aprendido en anos de mirar en silencio o espectáculo que dera unha dictadura de mediocres intolerantes. Non houbo desquites nin demagoxias fáciles como moitos esperaban. Mais si que axustou as contas a unha cidade adormecida durante moitos anos en chanchullos e veladas, esgazada do tronco de Galicia con certa autosuficiencia.

Cando Quintanilla chegou ó Concello non había nin medio patacón para pagar o soldo do persoal. O comercio non fiaba nin os cravos para amañar medio encofrado. Naquela desfeita xeral que foran os derradeiros anos da dictadura o crédito económico e o crédito moral desapareceran. Hai quen quere esquecer que foi a súa administración (un encontro delicado e obrigado entre socialistas e comunistas) quen arranxou a desfeita económica: pagouse o que se debía e o concello foi recuperando o seu sitio de autoridade e referencia política da cidade.

Entrementres, viñeron anécdotas algo chuscas, aínda que tamén algo significativas. Nunha mañá de cálido verán (as crónicas non menten), presentouse o noso alcalde en Capitanía (¿danse de conta?) vestido con galas de verán: chaquetiña lixeira, camisa aberta sen gravata e zapatillas (en realidade unhas cómodas praieiras). Armouse nesta cidade tan afeita ós uniformes de regulamento a que se armou. Despois viñeron outras coma cando o Concello regalou á Armada unha bandeira constitucional bordada en fío de ouro puro polas dúas caras, como nos contos de fadas. Bordaron aquela bandeira as monxas de clausura do parque, ás que se pagou relixiosamente 500.000 ptas. daquela, logo de gañar un legal e limpo concurso. As monxas non eran Mariana Pineda, e isto dicíao Quintanilla con retranca, pero tamén érache boa o detalle de relixión e mais exército abrazando a bandeira constitucional.




Tiña cousas Quintanilla como a de non perder nunca o sentido da realidade. Nunca deixou a súa consulta da rúa Real, por exemplo. Daquela case non había iso de liberados. Seguramente os enfermos son unha boa fonte de información. O alcalde era o doutor Quintanilla, a quen se lle debían contar males e de quen se esperaban remedios. ¿Esta perspectiva non é boa para a política? Hai xente que está disposta a crer nos milagres. Élle un vicio case universal. Quintanilla cría na medicina. Escéptico en canto á pretendida bondade do home, sabía abondo de enfermidades como para tomar as cousas con fe do carboeiro. Aínda así tiña ben debuxada a raia que separa a indignidade da dignidade...

Un día por fin, quitándose un millón de pesetas dunha verbena das festas, puido ver erguida a estatua de Concepción Arenal. O discurso de tan solemne acto tivo que facerse sobre o rexistro de augas que cadra por alí. A carencia de medios era a medida das dificultades; pero dona Concepción Arenal mira cara á cidade desde Esteiro co xesto de ser unha boa alternativa a outras estatuas. Cadaquén é cadaquén.

«Tiña cousas Quintanilla como a de non perder nunca o sentido da realidade».

Todos sabemos da importancia dos alicerces. Ás veces é desesperante a chafallada dos preparativos. Durante moitos días non se ve nada do edificio que nos vai acoller. Pero hai que lles aprender ós cativos que os alicerces son importantes de carai. Pois iso foi Quintanilla. O alcalde que lle tocou poñer alicerces e orde onde non había case nada.



A MICOLOXÍA EN FERROLTERRA

Por Francisco Riveiro Sanjurjo
(Vicepresidente de VIRIATO)

Referímonos neste comentario, non á Micoloxía entendida como unha rama das Ciencias Naturais, senón a aquela que algúns chaman Micoloxía pragmática, é dicir, á cultura relacionada co uso alimentario, gastronómico, social e mesmo lúdico dos fungos e cogomelos.

Aínda así, non sería xusto esquecer a figura de D. Víctor López Seoane y Pardo-Montenegro, (Ferrol, 1834 - A Coruña, 1900). Este ilustre médico, naturalista que consagrou a súa vida ó estudio da Zooloxía e a Botánica, e que conseguiu xusto prestixio internacional polos seus traballos e descubrimentos nestes eidos, deu cabida tamén na súa obra inxente, a interesantes achegas ó coñecemento do Reino Fúnxico.

Pero nun país de recoñecida micofobia como é Galicia, falar do século XIX é falar da Prehistoria. As primeiras actividades relacionadas coa Micoloxía das que temos noticia na nosa cidade lévannos ó ano 1983. Poucos anos antes, dende o Centro Forestal de Lourizán, Antonio Odriozola e algúns colaboradores están a dar os primeiros pasos para a vulgarización da Micoloxía en Galicia. Así, veñen promovendo as "Semanas Micolóxicas Galegas" que reunían un conxunto de actividades en torno ós cogomelos. En 1983, tivo lugar en Ferrol a V Semana, organizada pola Sociedade Galega de Historia Natural, coa colaboración do Concello da Cidade e o citado Centro Forestal de Lourizán.

O xermolo prende, e en maio de 1984 un grupo de afeccionados coordinados por Andrés Roca, funda en Cabanas, a "Agrupación Micolóxica Viriato", xa con expresa vocación e dedicación ó mundo dos fungos. Cómpre sinalar a axuda e asesoramento nestes momentos iniciais do xa desaparecido Mario Goñi, un dos ilustres pioneiros da Micoloxía en Galicia. Axiña toman contacto con outras sociedades con intereses comúns, especialmente con "A Zarrota", de Vigo, dende onde Antón Patiño está a promover unha converxencia das asociacións micolóxicas de ámbito galego que cristalizará na "Federación Galega de Micoloxía", e na que se integra Viriato.

Nesta primeira etapa da vida de Viriato, con reunións e asembleas na rebotica dun bar, coa incipiente biblioteca espallada polas casas dos membros da agrupación, cun apartado de correos como único "local social" propio e estable, o entusiasmo compensa a precariedade dos medios, e non impide que se aborden as actividades que lle son propias: organización de "Xornadas Micolóxicas" en diversas localidades da bisbarra, con conferencias, charlas en colexios, saídas guiadas ó monte para recollida de cogomelos, reunións gastronómicas cos cogomelos como protagonistas, e unha cita que os veteranos de Viriato lembran con morriña: os feiróns. Tódolos sábados da tempora-da montábase no feirón de Pontedeume un pequeno telderete onde se expoñían unha selección dos cogomelos recollidos e se atendían as consultas dos visitantes, ó mesmo tempo que se vendían cogomelos como modesta fonte de financiación da agrupación. Constituíu unha interesante experiencia tanto como medio directo e espontáneo de divulgación como de coñecemento por parte dos colaboradores das reaccións do público diante da, para moitos, sorprendente novidade.

Particípase de forma habitual, como relatores, nos Congresos de Macromicoloxía Galaico-lusos e en tódolos eventos que se ten ocasión, relacionados coa Micoloxía ou coa conservación do medio ambiente. Mantense relación con outras asociacións homólogas españolas ou europeas. É de destacar a participación de Viriato na "Mostra dei Funghi" en Ceva (Cuneo), no Piamonte italiano.

Á parte das saídas habituais polos montes da comarca, Viriato organiza anualmente unha excursión para coñecer a riqueza fúnxica doutras terras. O Lago de Sanabria, a Serra do Géres ou As Medulas son exemplos dos lugares visitados con desigual éxito recolector.

A partir de 1986, Viriato faise cargo da organización das Semanas Micolóxicas de Ferrol, inicialmente promovidas pola Sociedade Galega de Historia Natural e que seguen a realizarse anualmente, de xeito que neste ano 2002 cumpriuse a XXI edición. O patrocinio correu nos primeiros anos a cargo da Caixa de Galicia, aínda que algún ano non se consegue patrocinador e o evento corre perigo de non ter lugar. No ano 1991, a axuda do Ateneo Ferrolán salva a semana. Dende 1995 están subvencionadas polo Concello. As dos anos 1994 e 2001 teñen carácter especial por ser "Semanas Galegas".

A oferta das semanas inclúe no seu perfil actual, concursos temáticos de fotografía, de carteis para os nenos, de cociña para profesionais, un obradoiro dirixido ós mestres para fomentar nas escolas actividades relacionadas coa Micoloxía, unha degustación de cogomelos, unha excursión micolóxica nos ricos "hábitats" dos montes próximos a Ferrol, e as dúas máis importantes realizacións dende

«Á parte das saídas habituais polos montes da comarca, Viriato organiza anualmente unha excursión para coñecer a riqueza fúnxica doutras terras»

o punto de vista da divulgación micolóxica: unha exposición de cogomelos clasificados, que chegou, na última edición, a reunir máis de trescentas especies, e o ciclo de conferencias que ten lugar diariamente ó longo da semana no Campus Universitario. O esforzo realizado neste capítulo fixo posible escoitar en Ferrol a figuras tan prominentes dentro da Micoloxía española e europea como Louis Badurina, Vittorio Soma, F. de Diego Calonge, Massimo Canduso, García Rollán, Álvaro Zugaza, J.A. Muñoz Vivas, e outros moitos destacados especialistas. Un recordo especial merece outro dos xa tristemente desaparecidos patriarcas da Micoloxía galega, Luís Freire, que xunto a Marisa Castro foi, dende os inicios da súa realización, un participante asiduo destas semanas.

Polo ano 1989 aparece na bisbarra outro núcleo de cultivo da afección micolóxica: créase nas Pontes a Sociedade Micolóxica Pouparíña, que será a propulsora das "Feiras dos Fungos e Cogomelos" que se celebran anualmente nesa vila, e que axiña –1990– acollen, co asesoramento inicial de Viriato, a XII Semana Micolóxica Galega, que ten lugar con xenerosa achega de medios e nutrida participación.

A partir do ano 1992, Viriato recibe unha importante axuda para o desenvolvemento da súa actividade, e que determina o cambio do seu domicilio social: a cesión, por parte do Concello de Fene dun local en Sillobre, anexo a un grupo escolar. Disponse agora de instalacións de cociña e salón para a celebración de eventos gastronómicos, reunións sociais, biblioteca estable, e mesmo posibilitou a creación dun pequeno laboratorio para recoñecemento de especies fúnxicas.



En 1998 prodúcese outro feito determinante do futuro e actividade de Viriato: a proposta de cesión temporal, por parte do socio Manuel Díaz Peña, dun terreo na ribeira do Río Belelle para a creación dun Parque Micolóxico. O terreo inclúe as ruínas dun vello muíño que cómpre restaurar. Viriato asume o reto, defínese o proxecto, e conséguense subvencións da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia. Na actualidade, o edificio está rehabilitado, e traballase para utilizalo como Aula de Natureza, ó mesmo tempo que se acondicionan os terreos para protexer a flora forestal e fúnxica autóctonas, e se fai unha repoboación con exemplares arbóreos micorrizados (asociados simbioticamente con fungos específicos). Esta iniciativa, totalmente novidosa, conta co asesoramento científico do Centro Forestal de Lourizán e espérase que, unha vez aberta ós escolares, sirva como exposición permanente, lección viva de Historia Natural e exemplo de conservación do Medio Ambiente.

É evidente que, ó longo destes anos, o interese pola Micoloxía na comarca de Ferrol experimentou un grande incremento. Viriato, medrando con el, aspira a seguir no futuro achegando a súa contribución entusiasta. 88



A BURLA NEGRA

Por Cristina Meizoso Alonso

Ó peor, é que cando saia á luz este nº 11 da *Revista Atenea*, posiblemente moitos esqueceron o acontecido pero sirva esta, a miña humilde achega no día 03-12-02, aínda que xa correron chorros de tinta (¡negra!) sobre o tema, para que non se nos esqueza e de verdade sexa NUNCA MÁIS.

Empezarei polo que me resulta vergonzoso como é o desprezo e a falta de respecto que demostraron os nosos gobernantes polo pobo que os elixiu. Os representantes no Parlamento deste País creo que non entenden que ese estamento é a Soberanía Nacional, e que aí todos e todas estamos representados, polas maiorías e polas minorías saídas das urnas. Cando ocorre unha catástrofe como esta repetida da MAREA NEGRA, a primeira manobra que hai que afrontar é convocar un PLENO para tentar buscar solucións entre TODOS e TODAS e crear unha Comisión de Emerxencia que coordine os movementos a desenvolver.

O Presidente da Xunta de Galicia non o ve así, e non lle importa o que ocorre no seu País e segue de cacería nun cazadoiro de luxo: "La Flamenca". A casualidade é que tamén estaba o Conselleiro de Medio Ambiente, e ningún dos dous regresou inmediatamente, como sería de esperar por calquera mandatario que se prece, a Galicia, ó País onde todo un pobo está vendo impotente como o "chapapote" volvía outra vez a meterse nas nosas rías.

A información non foi nin clara nin precisa, foi manipulada e as mentiras e incongruencias chegaban ós nosos oídos provocando unha crispación imparable por todo o litoral galego que contaxiaba ó resto dos cidadáns, que atónitos comprobabamos como primeiro se lle botaban as culpas ó capitán (¿é culpable?), a Xibraltar, a Portugal,... Namentres, o barco maldito, mal chamado "Prestige", andaba dando tombos en zig-zag dun lado a outro das nosas costas, ata que rompeu e nos botou toda a **merda** que tantos intereses económicos e poderes políticos manexa.

¡Todos tranquilos! ¡Todo está controlado!, nos comunicaba o "merengado" Delegado do Goberno, Arsenio Fernández de Mesa,... ¡menos mal que xa está calado!

«Mentíronnos unha e outra vez, minimizaron a catástrofe»

Mentíronnos unha e outra vez, minimizaron a catástrofe. Os galegos, acostumados a apertar os puños de impotencia, esperabamos que fora así, que estivera todo coordinado e controlado, pero non só non existiu unha coordinación entre institucións, nin sequera se preguntou os técnicos qué facer, renunciouse á axuda ofrecida nos primeiros momentos polos países que teñen os medios para taxar o problema, porque o Presidente Aznar non quixo, e non quere recoñecer que España non vai tan ben, que esa potencia mundial que nos quere vender non é tal, que estamos faltos de medios para protexermos desta xa repetida MAREA NEGRA que nin Galicia nin ningún país merece.

¡Sodes uns mediocres!

Como dicimos os de NUNCA MÁIS, esiximos responsabilidades políticas, por coherencia.

En 30 anos levamos 7 accidentes de barcos con material perigoso, dos que ... ¡menos mal!, con petróleo ou fuel "só" levamos 3.

Falan de oportunismo nas críticas que reciben, ¿que esperaban? mais ¿non é oportunismo dicir por parte de Loyola de Palacio que xa hai paquetes e medidas presentados dende hai 3 anos en Bruxelas?, pero... ¡non as aproban noutros países!, ¡sempre botando a culpa ós demais!

Aparecen radiantes con indemnizacións baixo o brazo, ¡indemnizacións para todos! e ... ¿ós afectados indirectamente? e ó ecosistema... ¿quen o indemniza? e tamén ás redeiras, ós subastadores, ós da lonxa, ós vendedores, ós do transporte, ós da hostalería ...

Cando as catástrofes ocorren, sempre aparecen propostas e medidas que nos salvarán dunha nova desgracia, o malo é que cando deixe de ser noticia, e os medios de comunicación se esquezan, estas medidas nunca se aprobarán, como sempre non se fará nada. Cando o Mar Exeo, que agora se culpa ós outros de non facer, tamén estaban eles na oposición e non fixeron nada para levalas adiante. ¡ Pero, se uns días despois aínda deixaron saír un barco "irmán" do Prestige do porto da Coruña. ¿De que van?

A Costa da Morte está chea de manchas,... ¡non Sr. Rajoi, chámase MAREA NEGRA! Unha **merda** que abarca todo o litoral da provincia da Coruña mais, aínda quedaba por vir unha segunda MAREA NEGRA que cubriría todas as Rías Baixas e Portugal.

Pero, ¿a que estaban esperando 20 días despois da primeira? ¿Tampouco se puido facer nada para evita-la? ¡Están a velas vir!

A visita do Rei provocou que o Presidente da Xunta tivese que anular os billetes para asistir a un Congreso de Dereito no estranxeiro, e o día 3 de

decembro a SEGUNDA MAREA NEGRA entraba, sen que ninguén fixese nada por impedilo, no ecosistema natural máis importante de Europa mentres el estaba na presentación en Madrid dun libro sobre BOTICAS... ¡é sanguento!

E o exército español.., tan victorioso en fazañas de paz e de axuda humanitaria no exterior, ¿onde estaba cando o seu pobo o necesitaba? **Obrigatoriamente** é de recibo que se presenten no noso litoral con todo o persoal e medios dos que dispoñen.

¿A que están esperando? ¿Por que non se fan campamentos, barracóns, e se facilitan os medios, a comida, o descanso...? Todo isto é imprescindible para eses voluntarios, mariscadores e xente do mar, que vemos como teñen que agudizar o enxeño, ¡impotentes!, con aparellos ridículos, sen axudas das institucións, sen asesoramento e incluso con impedimento por parte das autoridades. Tentan limpar esa masa viscosa das costas coas súas mans, con paos, con pas, sen colectores, cos seus propios barcos,... sen saber qué facer co que recollen.

¡Un mínimo de dignidade, por favor!

¡É MENTIRA!... esto escríboo 20 días despois do afundimento do barco e non hai infraestructuras suficientes, non hai roupa adecuada, non hai colectores, non hai máscaras, non hai ninguén ó seu lado,... ¡están sós, baleiros de apoio institucional!

¿Como non van estar exaltados e cabreados? Se os que todo o teñen controlado non manchan as alfombras dos despachos, nin tan sequera as mans coas que din solucionalo todo por teléfono.

Están dándolles unha lección importante, están demostrando que non é certo o topicazo: ¡Galicia loita e protesta e non emigra! ¿Para cando a homenaxe a toda esta xente que demostraron ser AUTÉNTICOS?, que están a demostrar que co pan de cada día non se xoga, que non esperan NADA dos nosos políticos.

A única consecuencia positiva desta traxedia foi a MAREA HUMANA que encheu as rúas de Santiago, ¡por fin cando mexan por nós non dicimos que chove! Sentinme orgullosa de presenciar a tantos galegos e galegas dicir NUNCA MÁIS.

Outra vez esa manipulación nos medios de comunicación, outra vez esa falta de respecto ós galegos e galegas. Eu non estaría tan convencida como está o Sr. Fraga de que hai máis que o apoian a el e a esa cuadrilla de incompetentes que nos gobernan de momento, porque espero e desexo que o noso pobo NON ESQUEZA nin un ápice do acontecido e volo faga pagar no sitio onde máis vos doe, ¡nas URNAS!

¡Que sexa a última vez que nos tomades o pelo! ¡Merecémonos algo máis!

** Unha curiosidade:*

Cada vez que hai un informativo ou un debate nas TV públicas sobre o maldito "Prestige", no descanso a primeira publicidade que nos ofrecen é a de Galicia Calidade na galega ou da importante flota de barcos que posuimos do Ministerio de Fomento na estatal ¡Que descaro!

«...espero e desexo que o noso pobo NON ESQUEZA nin un ápice do acontecido e volo faga pagar no sitio onde máis vos doe, ¡nas URNAS!»



BREVES REFLEXIONES SOBRE *"LOS LUNES AL SOL"*

Por Dolores Riesgo Fernández

A película de Fernando León de Aranoa, é dura, sen concesións, fiel reflexo dun grave problema social, o paro, e tamén dunha realidade cultural, que aínda que doa recoñecelo, dista moito de alcanzar as cotas de igualdade real entre homes e mulleres.

As personaxes femininas que aparecen na cinta, todas elas secundarias, son auténticas "modelos" da mal denominada "condición feminina", e explícome:

- Por un lado temos a esposa ausente do parado suicida, personaxe que encarna Celso Bugallo. Non aparece en ningún momento da película pero sen embargo está sempre presente, é a muller que abandona o home como consecuencia da súa situación laboral, e déixao nun estado penoso, desamparado e sen esperanza, o que fai que poña fin á súa vida nun tráxico final.

- Por outra parte, temos a esposa do personaxe encarnado por Luís Tosar, muller que traballa nunha fábrica en condicións laborais difíciles e nada gratificantes, que cando chega á casa cansa e triste realiza tódalas tarefas domésticas, soportando o marido sumido na depresión e o rancor, que se pasa o día no bar chorando a súa mala sorte. Na súa vida sen alicientes aparece un indicio de esperanza, esta táboa de salvación pasa por deixar o seu home e empezar de novo, mais xorde a "compaixón" e a muller sacrifica a súa vida por el, ficando ó seu lado, este "gran xesto" sálvao de sufrir o mesmo destino que o do seu amigo morto, ó que sen remisión camiñaba. Ó final, ela aparece como salvadora e "repouso do guerreiro", papel que A MULLER parece condenada a soportar, pois o destino de toda "boa compañeira" está supeditado ó do home, se el se afunde, ela tamén.

- A personaxe da filla do dono do bar reúne tamén unha boa sarta de «*topicazos*» asignados ás mulleres, a saber: coqueta, manipuladora, falsa, que se aproveita do interese que o personaxe protagonista encarnado por Bardem mostra por ela, utilízao e aléntao, creándolle falsas expectativas, todo para obter o seu propio beneficio.

- Un cuarto personaxe feminino que aparece nunha pequena escena é como non o da prostituta, muller marxinal e pobre, á que acompaña o seu fillo pequeno, ao que deixa no corredor esperando sentado na súa cadeira mentres ela se deita con Bardem. Escena tremenda e sórdida, a muller, como sempre, nesta sociedade continúa sendo a máis pobre de entre os pobres.

- A quinta e última personaxe feminina, é a da rapaza que traballa nun supermercado, físicamente atractiva e por tanto obxecto sexual dispoñible, por suposto "parva" e "superficial", que queda seducida dos encantos e da labia de Bardem, e do seu poder de seducción e que sería capaz de irse con el a calquera parte do mundo. En fin, o outro tópico feminino, a máis parva de entre as parvas.

- Resumindo, cinco modelos de muller: 1 - "A mala", que abandona o home nos malos momentos, propiciando a súa destrucción. 2.- "A boa", que sacrificando a súa vida salva o home. 3.- "A frívola", coqueta e manipuladora. 4.- "A prostituta", pobre e marxinal. 5.- "A baleira", sen criterio, á que calquera home pode manexar.

En fin, eu creo noutro tipo de muller que non sae nesta película, que é o da muller dona do seu destino, íntegra, con autoestima e dignidade, que aspira a ocupar o seu lugar no mundo, non á sombra de ningún home senón ó lado del, sendo compañeira e non escrava, no mesmo plano, nin por encima nin por debaixo, coas mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida: laboral, persoal e social, que non teña que pedir desculpas por ser ela mesma, sen sentimentos de culpabilidade, nin chantaxes emocionais, sen complexos, esa muller que cre que buscar a propia felicidade é un dereito e que o único que pretende é realizarse como "ser humano", sen atrancos nin freos, mais sen que o feito de ser muller lle supoña un reto maior nese crecemento persoal. Aínda hoxe, ¿é unha utopía? ₪

As personaxes femininas que aparecen na cinta, todas elas secundarias, son auténticas "modelos" da mal denominada "condición feminina"



GUÍA PARA AS PERPLEXAS DE PEPA BELTRÁN

Queridas perplexas:

Se os grandes historiadores chamaron o século XVIII o século das luces, o século XIX o século do maquinismo e o XX o século dos grandes progresos (amén das grandes guerras), só vexo unha forma de bautizar a este século que comeza: o século do descontento. Porque, certamente, a irritación de conciencia que producen os desastres políticos que nos tocou vivir, non nos deixa opción para outra cousa. Diráseme que o descontento non serve para nada. Pero, eu digo que si, sobre todo, cando o desdén que sentimos polos políticos, se transforma na engrenaxe das causas máis solidarias. E se ben a solidariedade en si mesma non pode considerarse un acto revolucionario, non hai dúbida de que é, sen embargo, unha técnica, un dar nos narices á arbitrariedade de tanto poder exercido nos límites estrictos da "levitación".

Porque o que máis me impresiona no mundo en que vivimos é, en primeiro lugar, toda esa xente que milita humildemente nas filas das causas solidarias, sen importarlles o traballo, as penalidades ou o tempo. Están tan aburridos do espectáculo bochornoso deste mundo noso, que se prometeron solemnemente dedicar o seu diñeiro, a súa paciencia ou o seu ocio, a devolverlle a dignidade. Saben que non hai vida verdadeira sen unha toma de conciencia, sen indignación contra todo o que ocorre neste val de lágrimas, que senten a necesidade de axustar contas con el.

Dende logo, non é a primeira vez que esta terra dos nosos amores se encontra ante un desastre ecolóxico de grande envergadura. Pero saíamos adiante, polo xeral, gracias ó noso esforzo e á propia natureza. Esperabamos pacientemente que o mar se volvera rexenerar, a que o seu vigor engulise os desastres humanos. Hoxe ninguén fala xa (salvo os que se repiten) de que o malfadado Prestige, non nos causase o maior desastre ecolóxico da nosa historia e, sen embargo, a grande abstracción tráxico dramática das nosas institucións, enfrascada sempre nas ideas absolutas e o mesianismo, seguía encolléndose de ombros e xogando, coma sempre, ó aquí non pasou nada. Afogabamos entre o chapapote e a ineficacia, e eles seguían xustificándose nos medios de comunicación. Vimos mentir, improvisar e alentar expectativas falsas cun aplomo que para si quixeran os mellores actores do momento. Porque están tan seguros de que o pobre votante traga o que sexa... Tan empecinados en remitir calquera desastre, á vontade do Todopoderoso, que non foron capaces de tomar unha soa medida de utilidade práctica. Con razón dicía eu que para político serve calquera.

Pero, por sorte, ese desastre concernía a gran número deses mozos ós que, fartos de tomaduras de pelo e de mentiras, defraudados nas súas máis entrañables esperanzas, lles repugna tanto a forma en que o poder nos despoxa, como a mansedume e a resignación dos que o admiten. Por sorte, non se mostra a grandeza dende os títulos e os honores, móstrase dende as respostas solidarias e manchándote as mans.

Por iso, a miña longa paciencia cos políticos acaba de terminar. Non os necesito. É máis, os meus sentimentos morais obríganme, hoxe máis que nunca, a portar a bandeira das reivindicacións e, por suposto, a formar parte de canto chamamento público fale de solidariedade, de insurrección ou de motín. Nunha palabra, ¡que me coman os diaños se sigo participando da empalagosa resignación do xénero humano! Así, ó lado dos que non protestan por nada porque o xulgan inútil, en medio da frivolidade anónima e impersoal que nos meten polos ollos, únome a eses mozos plenos de vida, de forza e de coraxe, que, renunciando ó seu ocio, transformáronse nun símbolo. Esa é a verdadeira linguaxe da superioridade –o único orixinal que nos queda– é tamén o que delata, involuntariamente, a eses homes de Estado que seguen a crer que o poder lles "pertence" por designio de Deus.

Estamos, pois, en tempos de indignación. Hai que marcar os límites de certas actitudes e pensamentos políticos, pero tamén hai que coñecer e delimitar as nosas. E si hai que recordarlles ós nosos dignitarios "que o podre que aquí se alenta é con P que non con J". Hoxe máis que nunca, temos a obrigación de colaborar na obra común, ata o límite das nosas forzas, como fixo ese magnífico e silencioso exército de limpadores de praias.

Agradezamos o exemplo que nos deron; pero comprometámonos nós tamén para achegar á vida, modestamente, o noso gran de area. Soamente así contribuiremos a dotar a este mundo dunha linguaxe de dignidade.

Sempre no compromiso.

«Únome a eses mozos plenos de vida, de forza e de coraxe, que, renunciando ó seu ocio, transformáronse nun símbolo»



A MAIOR TRAXEDIA MARÍTIMA DA HISTORIA DE ESPAÑA

Por Primitivo B. González López

A traxedia e consecuencias do *Prestige* non teñen parangón con ningunha outra traxedia marítima ou naval sufrida por España ó longo da súa dilatada historia de mar, que sufriu moitas veces dos erros e incompetencia das autoridades responsables e que, no caso *Prestige*, chegaron ó *sumun* do imaxinable.

¿Que é o que se podía esperar do longo e errático periplo deste buque dende primeiras horas da tarde do 13 ata o 19 de novembro, tal como tristemente se observa na fotografía de rexistro feita por satélite?

¿Por que non se tomou a decisión de conducir o buque, nas primeiras horas despois da avaría, e incluso tempo despois cando chegou a estar a unhas tres millas da costa, a unha praia con fondo de area para varalo sobre ela, mellor de forma paralela á costa e convenientemente lastrado? *(concretamente na praia Do Rostro, ver carta náutica nº 927 do Intto. Hidrográfico da Mariña).*

¿Por que non se dispuxo dende o principio da crise dun comité asesor de mariños competentes e técnicos experimentados para tomar decisións fundadas e con acerto? Non ó final do naufraxio, cando xa o buque irremisiblemente se afundiría.

En lugar, pois, de decidir controlar o buque acercándoo a terra, tomouse a decisión de alonxalo cara o oeste nun desesperado e infantil intento de alonxar o perigo ou largar o morto, mais ¿a onde?. Canto máis se alonxara máis se ampliaba a extensión de costa alcanzable polo vertido. ¿Era esto o que pretendían as autoridades encargadas do desastre? Cito de *La Voz de Galicia* do 16 de novembro: "*...a Delegación do Goberno e a Dirección Xeneral da Mariña Mercante sosteñen que se o petroleiro se afunde o fuel conxelarase e non sairá á superficie*".

O que ía suceder a continuación era evidente para un profesional: ó irse afundindo, sobre todo a grande profundidade, irían rompendo as paredes de case todos os tanques, constituídas fundamentalmente polo casco de aceiro do buque, debido á presión exterior

«Supoñamos que perden o seu emprego unhas 60.000 persoas. ¿Como se vai solucionar este problema?»

Primeira valoración do desastre socioeconómico

Aparte do moito que custe a limpeza que se está a facer, no intento de chegar a unha estimación da orde dos danos causados en primeira instancia, partamos dos datos dun dos últimos anos publicados pola *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:*

PIB de Galicia: 3,7 billóns de pesetas dos que un 10% corresponde a pesca e transformación dos seus productos, é dicir 370.000 millóns de pesetas ou 2.220 millóns de euros por ano. Como pouco, a metade ou o equivalente a 1.110 millóns, xa non será posible o próximo ano, nin moi probablemente en ó menos 5. Total estimado perdido, da orde de 5.550 millóns de euros.

Vexamos o emprego: segundo a mesma Consellería, un 12,2 % dos empregos dependen da pesca sendo as persoas empregadas na pesca e actividades auxiliares:

Pesca extractiva	41.600 persoas
Comercialización da pesca	6.730 persoas
Marisqueo	9.200 persoas
Acuicultura	13.422 persoas
Industria conserveira	18.000 persoas
Industria de conxelados	2.922 persoas
Industrias relacionadas (estaleiros, talleres, suministros)	15.000 persoas
Servicios relacionados (transporte pesca, seguros, etc)	13.000 persoas
Total	119.874 persoas

Supoñamos que perden o seu emprego unhas 60.000. ¿Como se vai solucionar este problema?

No turismo, segundo a Consellería de Industria, Comercio e Turismo, os ingresos anuais son uns 450.000 millóns de pesetas ou 2.700 millóns de euros, correspondentes ás visitas de 4 millóns e medio de persoas ó ano, das que o 36,4 % teñen por destino a costa, correspondéndolle polo tanto uns 1000 millóns de euros ó ano. Tal como van quedar as praias, non é disparatado que se perdan a metade dos ingresos, é dicir uns 500 millóns de euros/ano que en 5 anos, equivale a 2.500 millóns.

Os empregos perdidos que esto pode significar serían da orde de 12.000.

Así, entre pesca, marisqueo, actividades complementarias e turismo, perderíanse en 5 anos da orde de 8.000 millóns de euros e cada ano 72.000 empregos. ¿Para que chegan os 27 millóns do Sr. Rajoy ou os 42 millóns do Sr. Matas? E se a recuperación, se chega, non se lograra en 10 anos ou máis, poñeríamonos nunhas perdas da orde de 3 billóns de pesetas (dos de 12 ceros cada un).

E isto ademais de ter que sufrir, dada a riqueza biolóxica da costa galega, única no mundo segundo recoñecen eminentes biólogos, un dos maiores desastres ecolóxicos do planeta, senón o que máis en toda a historia da humanidade, co agravante de ter que sufrir a vergonza e o bochorno internacional por non ter actuado de forma decidida e conveniente.


E ó ver as escenas de animais mortos vénseme á mente unha cuestión adicional que os biólogos poderán avaliar: ¿Que sucederá coa proliferación de substancias tóxicas, entendo, á parte do fuel vertido, e bacterias que se producirán debido á acumulación de cadáveres resultantes de tal mortandade de animais e plantas mariños?

Por todo isto, resulta case de risa, se non fose tan triste e patético, ter que contemplar e escoitar a eminentes prohomes, como o vicepresidente Rajoy e outros, expoñendo datos totalmente distanciados da realidade, teorías e explicacións que nin eles mesmos entenden nin cren, e escudando os erros cometidos na pretendida aquiescencia de prestixiosas e recoñecidas asociacións de profesionais que, como tales, nada terían que ver na decisión tomada, aínda que algúns dos seus membros puideron ser consultados só nos momentos finais, cando xa non había remedio, e colaboraran cun xesto que debe entenderse como honroso, responsable e patriótico, que significaría simple e sinxelamente un sincero ofrecemento e apoio á Administración española.

«... resulta case de risa... ter que contemplar e escoitar a eminentes prohomes,... expoñendo datos totalmente distanciados da realidade, teorías e explicacións que nin eles mesmos entenden nin cren...»

Así o entende e subscribe a 7 de decembro de 2002:

Primitivo B. González López
Doutor Enxeñeiro Naval
Catedrático da E.U.P. da Universidade da Coruña
Departamento de Construccións Navais





Neste novo número de Atenea comezamos unha nova sección:

"As Nosas Tradicións"

en colaboración co historiador Andrés Pena, dentro dese proceso de colaboración á recuperación da nosa historia, na que pretendemos dar a coñecelas nosas costumes.

O MAGOSTO

Por Andrés Pena

En Galicia sobreviven ata os tempos modernos, e aínda se celebran con máis forza, e cada vez con máis pomposidade, gracias aos esforzos por recuperalas como o que ven facendo o Concello de Cedeira, as festas do inverno relacionadas co consumo de castañas, cunha comida preparada nas casa para os defuntos que nos veñen visitar en novembro, e en Nadal e Reis, co lume do leño do fogar que nunca esmorece na lareira.

A diferencia do que sucede co resto do pobos indoeuropeos e aínda da humanidade que dividían o ano polos solsticios, os Celtas do Atlántico dividían o ano polo comenzo do verán, o primeiro de maio, e polo comenzo do inverno, o primeiro de novembro. Estas datas tiñan unha enorme importancia para os países Celtas do Atlántico.



Sen coincidir con ningún dos catro grandes acontecementos relacionados co calendario solar: os solsticios e os equinocios, sen participar das principais estacións do ano agrícola: a sementeira da primavera e a sega do outono (cando chega maio os grans de cereal xa están medrados e ben levedados e cando entra novembro a colleita leva tempo recollida nos hórreos e nas tullas, herman os campos e, espidas dos froitos as árbores caen axiña ao chan as derradeiras follas) as festas do primeiro de maio e do primeiro de novembro son aínda as festas máis sinaladas do calendario rural galego. Encadrando este feito dentro da máis pura tradición celta da intencionalidade simbólica a razón das celebracións dos maios e dos defuntos respondería esencialmente ao feito de que a división celeste do ano consonte cos solsticios e cos equinocios viña precedida no Atlántico unha «división terrestre» segundo o principio da percepción humana (e animal) do verán e do inverno.

Frazier observou que estas datas, pouco relevantes para a agricultura, eran fundamentais para os alicerces da economía labrega, para o gando, pois, como o amosarían os chamados «curros vedros», peches circulares, ben defendidos, de orixe Neolítica de pedra ou de terra para protexer o gando dos lobos, como o que identifiquei recentemente no Monte da Lagoa, no Val, Narón, en maio se levaba o gando ás brañas (prob. do latín *verania*), pastos de herba fresca, e en novembro o gando voltaba á seguridade e á calor da corte. Esencialmente pobos pastores, os celtas celebrando que o seu gando marchaba ás brañas a comenzos do verán e voltaba aos establos a comenzos do inverno, dividiron o ano en dúas metades.

Marcando no Atlántico claros momentos de viraxe climática o primeiro de maio e o primeiro de novembro, as celebracións dos Lumes de Maio anuncian a rica vexetación estival, as promesas dos vindeiros froitos e da vida coa chegada do calor e das flores mentres novembro agoira a morte, o frío e a longa escuridade do inverno onde a carón do lume da lareira só se afai o día cando chega o fistor (voz probablemente celta e nome tradicional do «conta-contos» en Galicia).

Dos tres ciclos de festas agrarias, inauguran estas celebracións o Ciclo de Maio, ou Ciclo do Lume, cando ten lugar a floración da maioría das plantas e a aparición dos primeiros froitos que dura ata San Xoán (solsticio de verán), mentres que no ciclo das colleitas de xullo a outubro, ciclo da recompensa ao traballo e da fartura, marcadamente más festivo e gastronómico, a comensalía familiar e colectiva pesa moito. Os tres meses restantes, de novembro a xaneiro, correspondentes ao sono ou á morte da terra (L. Castro Pérez 1999 : 200)» son o momento da disolución das fronteiras entre este mundo e o Outro Mundo, «O Alén», engadindo Miranda Green, que en Samaín (1° de Novembro) «dende Novembro comenzaba unha época de loito ritual pola morte do verán e un momento de grande perigo, un límite entre os dous períodos, no que o tempo e o espacio quedaban temporalmente conxelados, e as leis normais suspendidas» (Geen 1995: 62).





O MAGOSTO

Preguntándolle hai pouco un xornalista ao famoso instrumentista e compositor galego Carlos Núñez que diferencia había entre el e o instrumentista asturiano Hevia, que andaba (cando escribira estas regras) a deleitarnos nas ruínas de Petra estes días coa *fusión* da gaita asturiana con gaitas árabes, o gaiteiro galego, tras de manifestar un sincero afecto por Hevia, respostou a pregunta: ¡*a música*! O que imos dicir na presente exposición é debedora do monumental estudio sobre o castiñeiro e a castaña meu mestre e amigo o profesor Dr. Luís Monteagudo García. A *música* é pois aquí del e de ningún outro.

Considerando esta celebración galega do Magosto cunha marcada orixe prehistórica, como unha das máis antigas festas da Europa Atlántica, puidera parecer a nosa unha opinión demasiado tallante e prematura, polo menos para unha primeira tentativa de achegarse ao tema, polo que convén lembrar que o que imos a expor aquí son *posibilidades* baseadas, iso si, en indicios, e que quen queira outras posibilidades pode visitar na «rede» unha meritoria e coidada páxina de Asturias onde fan derivar a verba Magosto dun suposto antigo verbo bable ¿magüestar? que significaría asar as castañas, no contexto dunha festa exclusivamente asturiana chamada *magüesto*, esto é, festa do torrado ou do asado das castañas.

Testemuñándose, sen precisarse nin negarse a existencia de variedades cultivadas nos diagramas palinolóxicos, a destacada presencia do castiñeiro en Galicia, sen dúbidas dende o Neolìtico, está abondo estendido o tópico gratuíto e unha xeral pretensión de que o castiñeiro chegaría a Galicia da man, ou con máis propiedade do *ferro*, do conquistador romano.

O feito de que os explotadores romanos chantaran castiñeiros nas inmediacións das minas de ouro para alimentar aos traballadores non quere dicir que introduciran a castaña do mesmo modo que non se converte no introductor das verzas cada labrego que as planta a carón da súa casa para alimentar á súa familia.

A esencia do magosto é a castaña que durante miles de anos, man a man có cereal, e así ata a introducción do tubérculo pataca hai escasamente douscentos anos, foi alimento básico, un dos alicerces da economía autárquica dos labregos galegos e en xeral da beira Atlántica. Proba disto é a pataca, por vir ocupar o seu lugar na dieta labrega. Aínda hoxe, en moitos lugares do País é chamada polos vellos *castanha da terra*

Esta presencia cadra ben coa etimoloxía da castaña que Monteagudo García, contradicindo a débil opinión de Corominas, pola característica rechamante especifica deste froito, que se presenta envolvido nun ourizo; circunstancia esta que, segundo Monteagudo, non pasaría desapercibida aos ollos observadores dos indoeuropeos que emporiso, empregaron para designar a árbore a

«A esencia do magosto é a castaña que durante miles de anos, man a man có cereal,... foalimento básico... da economía autárquica dos labregos galegos...»



«O día proprio do magosto é o primeiro de Santos, día no que se abren as portas do Alén...»

raíz *Kars , raspar, cepillar, cardar. carduus «cardo» ai. Kasati «frota, frega, raspa. Lat. carro, ere «carda lá». Lit. Carshiu «peitear, cardar, cepillar». Chamádose inda en bearnés carrop o ourizo das castañas.

As «Nyphae carstaecae», literalmente «as raspadoras». Chamábanse así por que limpaban, raspando as costras da psoríase.



Parece pois que, segundo o pensa Monteagudo, as ramas dos indoeuropeos (ilirios, italos, celtas) aproveitaran a castaña silvestre, máis estas castañas porían ser da variedade cultivada importada do próximo oriente podendo vir, dentro do que se chaman World Economic systems, coas pontas, puñais e mazas ou os machados planos do Exeo ca. 1900 a C. Precisamente esta data tan antiga como insospeitada estaría comprobada pola etimoloxía, tamén moi antiga, por pertencer ó Alteuropaïsche (Monteagudo) e non o céltico de magosto.

É o magosto unha festa ou reunión, xeralmente no souto, durante a recolección das castañas na que se asan nunha cacharela e se comen ben molladas de viño ou sidra etc. (CARRE).

Adiantamos que esta celebración colectiva e festiva derivaría dun rito prehistórico (idade do bronce?) de ofrenda compensatoria e acción de gracias á divinidade dos soutos e bosques, e quizais receptora dos mortos no Alén, das primeiras castañas da colleita (Cernunnos, Vestio Alonieco).

O día proprio do magosto é o primeiro de Santos, día no que se abren as portas do Alén, cando os ourizos aínda están verdes e aínda non abriran espontaneamente, polo que para extraerlles as castañas tiñan éstas que ser pisadas e abertos os ourizos cos pés (nus da idade do bronce). Moitos ritos relixiosos, mesmo actuais para potenciar o efecto propiciatorio, imprecatorio, de agradecemento, tiñan a súa expresión a través da dor física e do punimento.

É posible, di Monteagudo, que os nosos avós indoeuropeos considerasen que as castañas, ao seren un froito de tempada espontáneo, producido non polo seu traballo, senón pola acción da divinidade do bosque, (xa que logo, a esta divinidade pertencían) tentasen compensala deste xeito.

Aínda que Corominas considera magosto como un adxectivo semellante a «mal coto», esta verba nada ten que ver co italiano e pola contra, para Monteagudo, explícase mellor por un Alteuropäische *Mak-vor-sto* «arrastre pisando», deverbativo que describe exactamente a acción: un pé pisa ou preme a metade do ourizo para que o outro poida arrastrar a pel ceibando as castañas. Esta exactitude descriptiva, segundo Monteagudo, lembra a doutros nomes de lugar e, sobre todo, nomes de ríos, e a da mesma voz castanea.

MAGOSTO:

ie. *mak* «pisar, premer, apretar, amasar.» lat. *maccare*, it. *ammacare* «pisar, esmagar, lat. *macerieeris*, muro de lama acalcada;

ie. *uers* «arrastrar, esvarar contra o chan: lat. *verro* (pallabarro) *vorro, rrere, uerri uersum* «arrastrar, varrer» aisl. *vorr* «golpe de remo, palada», let. *Varsms* «raso», *voroch* «medote» (POK. 169) concluíndo Monteagudo que Corominas equívocariase por non ofrecer ningún respaldo crítico ao facer o seu estudio. ⌘



Alfredo Erias



Mª José Mosquera (SEX)



ATENEO FERROLAN
SALA DE EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓN DE SEX

Sete anos de humor en Ferrol

Humor a toda cor

Do 15 ó 26 de Novembro do 2002



Tere Fernández

EXPOSICIÓN DE PINTURA

"Lembrando os teus soños"





DO 16 Ó 30
DO NADAL 2002

Mayor
BALBOA

HORARIO DE VISITA:
DE LUNS A VENRES DE 17 A 21 H. - SÁBADOS E FESTIVOS DE 12 A 14 H.



CURSOS

APERTURA DE MATRÍCULA PARA OS SEGUINTE CURSO:

✗ ✍ **DEBUXO E PINTURA:**

Imparte: María Manuela

Tódolos luns e mércores ..... de 18.00 a 20.00 horas.

PREZO { Socios/as – 40 € /mes.
Non Socios/as – 60 €/mes.

HOMENAXE A D. MANUEL MASDÍAS SÁNCHEZ

Día 10 de Xaneiro
ás 20 h.

Exposición de:

- *Libros e publicacións*
- *Manuscritos e obra inédita*
- *Libros e artigos sobre el*

Recital poético da súa obra, e outras, no que participarán, entre outros:

- *JOAQUÍN LENS*
- *OLGA PATIÑO*
- *LUZ POZO*
- *FERNÁN VELLO*
- *ÁNXELES PENA*



CICLO "ACCIÓN FAMILIAR"

Día 28 de Xaneiro
ás 20 h.

Proxección de película e coloquio.

Continuará no mes de FEBREIRO, os días 4, 11, 18, 25

MARATÓN DE LECTURA

Día 30 de Xaneiro
ás 17 h.

Para conmemorar o "DÍA DA PAZ"

TALLER MÚSICO-VOCAL: UNHA NOVA EXPERIENCIA

✗ ✍ A partir do **día 14 de Xaneiro**


tódolos MARTES e SÁBADOS (en principio) o grupo...

"Los Anónimos"

...desenvolverán unha experiencia músico-vocal, ensaiando diante do público que queira asistir á preparación interactiva dos seus futuros espectáculos.

CURIOSA E INTERESANTE ACTIVIDADE QUE, DE SEGUIR, VAI DAR MOITO XOGO

[Entrada gratuíta... de momento]





HOMENAXE A PALESTINA

Día 17 de Febreiro
ás 20 h.

PRESENTACIÓN

Día 21 de Febreiro

das...

BASES DO
XIII CONCURSO DE GAITA GALEGA
"CONSTANTINO BELLÓN"

da...

Gravación en CD do
XII Concurso de Gaita Galega
"Constantino Bellón",
que tivo lugar o pasado 31 de Agosto de 2002

TEATRO

CONVOCATORIA DO CERTAME
"ATENEA" DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL
PARA O ANO 2003

As BASES atópanse no Ateneo Ferrolán

Está dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN FINALIZA O 21 DE XANEIRO DE 2003.


Coordinadores do Certame:

FERNANDO OCAMPO e *LUIS CALVO*

Xurado:

ESPERANZA VIDAL, IDOYA MÚGICA, BELÉN ROCA, ÁNXELES RODRÍGUEZ, MERCEDES SUÁREZ POSE, MANUEL BASOA, FERNANDO OCAMPO e *LUIS CALVO*





DEBATES DO ATENEO FERROLÁN

"A INMIGRACIÓN"
VENRES día 14 de FEBREIRO, ás 20,30 horas.

"AS RELIXIÓNS"
VENRES día 14 de MARZO, ás 20,30 horas



AS XIV XORNADAS DE BANDA DESEÑADA DE OURENSE

Por Henrique Torreiro

As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense chegaron este ano 2002 (entre o 4 e o 11 de outubro) á súa décimo cuarta edición. A principal intención das Xornadas é potenciar o coñecemento da Banda Deseñada –un medio de expresión que, no caso da Península Ibérica, non ten aínda a categoría cultural que merece–, e, por suposto, favorecer a creación dos autores galegos para conseguir un producto cultural propio. Moitos obxectivos están unidos nesta nosa iniciativa cultural: como pode observarse pola traxectoria de preto de década e media de Xornadas de BD en Ourense, estes van guiados ao local, mais sempre mediante a maior apertura posible cara ao exterior. Á diferencia co que acontece coa maioría dos salóns e festivais de BD que existen por todo o mundo, o compoñente comercial é practicamente inexistente no caso ourensán. Dentro das Xornadas, hai actividades que percorren un amplo abano, desde as de difusión das técnicas de creación de BD e as de animación á lectura entre públicos infanto-xuvenís ata as proxeccións cinematográficas de filmes relacionados coa novena arte. Algunhas das claves do rumbo desta modesta iniciativa son a colaboración con gran cantidade de institucións, públicas e privadas, en vistas a intercambiar experiencias e materiais; a grande atención ao mundo da autoedición e os novos autores; e a preocupación polas edicións propias das Xornadas.

No programa deste ano tivo, como de costume, especial protagonismo o apartado das exposicións. Unha decena, e para todos os gustos: BD española, portuguesa e galega, así como a ollada ao mundo a través das edicións e das fanedicións. As dúas exposicións monográficas foron as dedicadas a Juan Berrio e a Miguel B. Núñez, dous autores xa consagrados a pesar da súa xuventude, pero aínda non todo o coñecidos que deberían polo gran público. Outra prestixiosa mostra do que ocorre na BD peninsular foi a do Certame de Cómic e Ilustración Injuve 2001, que amosou os orixinais de autores novos, aínda que, nalgúns casos, xa coñecidos polos afeccionados –Alex Fito, Laperla e Kosinski ou o galego Alberto Vázquez–. Desde Portugal, o Colectivo Alíngua trouxo a Ourense a exposición *Stad*, creada orixinalmente para o Salão de BD do Porto, coas diferentes visións que dez autores veciños do Porto dan da súa cidade. A Fundación Germán Sánchez Ruipérez presentou a exposición «Un siglo de viñetas», selección bibliográfica de máis dun centenar de álbums de cómic europeos e americanos que se puxeron ao dispor do público para a súa lectura na sala.



A boa saúde da BD galega quedou novamente de manifesto na edición deste ano. A exposición dos orixinais do álbum *A retirada de Sir John Moore* –publicado recentemente por Xerais–, con guión e debuxo de Pepe Carreiro, e unha escolma dos orixinais dos seus vinte e tantos autores da revista *Golfiño*. Os concursos de BD tamén falaron dun panorama máis que satisfactorio entre os que comezan: caso do III Certame Galego de Imaxe Artística - Banda Deseñada, promovido pola Xunta, e do novo Certame "BD Banda" - Cidade de Pontevedra, organizado pola revista *BD*

«A Fundación Germán Sánchez Ruipérez presentou a exposición "Un siglo de viñetas", selección bibliográfica de máis dun centenar de álbums de cómic europeos e americanos...»





Banda en colaboración co Concello da cidade. O apartado de exposicións completouse cunha nova edición da Expofanzines, Exposición Internacional de Fanzines, na que se poden apreciar as últimas novidades dunha colección, a da Casa da Xuventude de Ourense, que é posiblemente a máis importante do Estado, con material procedente dunha trintena de países.

As Xornadas manteñen tamén o ciclo de cinema relacionando a sétima e a novena arte; novamente coa colaboración do Cineclub Padre Feijoo, ofrecéronse dúas películas en longametraxe que foron estrea na cidade de Ourense: *Metropolis*, de Rin Tarô (inspirada na BD homónima de Osamu Tezuka), e *Ghost World*, de Terry Zwigoff (adaptación do cómic do mesmo título, escrito e debuxado polo independente Daniel Clowes).

Ningunha edición das Xornadas sería o mesmo sen o seu correspondente apartado de presentacións e mesas redondas. Este ano presentáronse, entre outras cousas, un novo cómic histórico (*Noia, porto de Compostela*, de Xosé Luís Veiras Manteiga e Xosé Agrelo Hermo) e o número 7 do fanzine *Comikaze*, do Porriño. Houbo tamén senllas mesas redondas con Miguel B. Núñez e Juan Berrio.

Como non, entregouse o Premio Ourense 2002 á mellor iniciativa na BD galega á revista *Golfiño*, polo paso adiante que supón unha revista profesionalizada e ben difundida, especialmente enfocada aos cativos pero sen esquecer o resto de públicos, escrita integramente en galego e cunha calidade envexable.

Finalmente, un mercadiño, que este ano estivo situado no campus universitario, á busca de novos públicos e espacios no ámbito estudiantil; e ademais un pequeno posto, neste caso con clásicos da BD española e internacional –e acompañado dunha pequena animación de rúa–, situouse un dos días das Xornadas a carón da recentemente inaugurada escultura de Xaime Quessada en recordo dos cómics da xeración da posguerra española.

Unha edición, en fin, que seguiu a tónica das Xornadas: ofrecer un proxecto modesto economicamente falando, feito desde a cultura de base e o voluntarismo, pero coa ambición cultural de achegar á sociedade un medio de expresión moi accesible, rico e, desgraciadamente, case descoñecido. ⌘

«Entregouse o Premio Ourense 2002 á mellor iniciativa na BD galega á revista *Golfiño*»



CURTAS DE CINE

Por Lidia Mosquera

Perante o encargo de escribir sobre curtas, xorde a memoria confusa dunha frase que roubo doutra muller e que dicía (na miña versión) "unha curta é unha curta, é unha curta, é unha curta..." e así ate o infinito. Porque unha curta debe ser, ante todo, iso mesmo: curta. Levo algo máis de catro anos traballando neste territorio de cine case "underground", sen esquemas, orixinal, sen débitos a case que nada, e unha das conclusións máis profundas é a necesidade da síntese. Así que tentarei ser sintética e lexible nesta pequena achega.

Para os neófitos, a xeito de introducción, baste sinalar que a curtametraxe vive unha era doce, mimada polas canles televisivas, desbordante de creatividade, e para min, superior en moitos aspectos o panorama desolador que exhibe esta tempada a longa de factura nacional. Pero, (sempre hai "peros"), non querería perde-la perspectiva porque, para aquelas persoas da comarca de Ferrol que lean este artigo, a curta é un fenómeno descoñecido que, de cando en vez, deixa algunhas pingas creativas con bo sabor en locais como o Ateneo.

Cómpre facer un pouco de historia. Pensen nada máis que as curtas están na orixe mesma do cine, que comezou a súa historia vital a golpe de curtas, asinadas polos irmáns Lumière, Georges Mélies, Edison, e que foi ós poucos eclipsada polo formato comercial da longa, que domina completamente o mercado do audiovisual. Mentres a curta seguiu unha existencia marxinal nos circuítos da aprendizaxe, garantindo que aqueles realizadores que chegaban á longa, tiñan amosado unhas certas condicións creativas como directores de curtas. A chegada do vídeo abriu unha vía expresiva coñecida como "videoarte", non sempre comprendida, non sempre responsable no compromiso co espectador, pero que tivo a virtude de achegar unha tecnoloxía barata ás mans dos máis novos. Na actualidade, esta segunda revolución tecnolóxica que vivimos, ten impreso a nova terminoloxía de "cine dixital", e abre máis aínda as posibilidades de facer "cine dixital" a tódolos que mercaran una camariña mini dv para grava-lo casamento do curmán.

En España, a historia da curta, como en case toda Europa, pasa por un entramado de regulacións legais asumidas polo estado que chegou a impoñe-la exhibición en salas cinematográficas. Daquela a calidade das curtas non era óptima e aínda as "majors" norteamericanas non posuían tódolos circuítos de exhibición. As curtas estaban moi lonxe do cine comercial, dos temas que interesaban ó público, a forma era torpe, e o fondo de pouco interese.

Curiosamente, trala desaparición desta lei, a curta tomou outro carácter. Quizais a necesidade de pelexar con máis brío, fixo que a calidade destas


«A curta é un fenómeno descoñecido que, de cando en vez, deixa algunhas pingas creativas con bo sabor en locais como o Ateneo»



películas chegase ó punto actual. A curta continúa a ser, na meirande parte das ocasións, o espacio axeitado para experimentar e para aprender, pero a calidade destas películas, concentradas no tempo, ten acadado niveis artísticos moi importantes.

A principio dos anos 90, Alex de la Iglesia fixo historia con "Mirindas asasinas", un filme vándalo, que saía de tódolos esquemas manexados ata o momento. Violencia, humor, provocación, eran algunhas das características que marcaban este novo xeito de facer curtametraxes. Tratábase tamén de atopa-lo espacio no que desenvolverse, fuxir dos corsés das longas, e albiscar un futuro interesante. Foi unha carreira en ascenso ata chegar a "Esposados", a curta de Juan Carlos Fresnadillo que acadou unha nominación ós Oscars de Hollywood no ano 96. "Esposados" é unha película de técnica implacable, perfecta, milimétrica, chea de descubrimentos, e foi tamén no seu momento a curta máis custosa da historia, cuns 150.000 euros de orzamento.

Hoxe en día, os números arredor das curtas son incribles. En 2001, filmáronse en España 130 curtas en formato cinematográfico (non hai xeito de coñece-las cifras do vídeo), e o orzamento medio é de 36.000 euros. Hai máis de 150 festivais, e cada día xorde un novo que se suma a esta vocación dos Concellos nacionais de contar cun evento de curtas no seu calendario. Trátase de películas que viaxan por todo o mundo, gañan festivais internacionais e posiblemente achegan máis á imaxe do cine español que as longas de última producción. Hainas de tódolos xéneros e para tódolos gustos. Moitos directores pasaron xa á longa, como o mesmo Fresnadillo, Achero Mañas, Mateo Gil, Ramón Salazar ou Paco Plaza, autores de curtas de grande éxito.





Arriba, Miguel Castelo durante unha rodaxe. Abaixo, fotograma de "O Matachín" de Jorge Coira.

Galicia queda un pouco á marxe desta vitalidade que amosan outras zonas como Madrid, Cataluña e País Vasco. A curta foi por moito tempo deudora de autores demasiado clásicos como Chano Piñeiro ou Miguel Castelo. Pero para facer xustiza hai que nomear a Jorge Coira, o ferrolán Paco Rañal, os animadores Virgina Curiá, Tomás Conde e Juan Pablo Etcheverry... entre outros; xente nova que quere renova-lo cine "made in Galicia".




Chano Piñeiro

Posiblemente o establecemento dunha producción continua de telefilmes en Galicia como a existente na actualidade, e o xurdimento do fenómeno da animación abandeirado por "O bosque animado" poidan contribuír ó desenvolvemento destoutra vía artística que non debemos desprezar. Fan falla máis festivais serios para amosa-la producción e máis compromiso por parte das institucións que non poder ter como tarefa principal a de asinar cheques.

Quizais a estas alturas están a preguntarse por qué esta defensa da curta. Se teñen oportunidade de ver algunha van entenderme. Non é soamente unha cuestión de orixinalidade, o de entretemento. É o medio perfecto para evadi-las imposicións dos grandes mercados, a vía para experimentar no audiovisual, a ferramenta axeitada para conta-lo que temos máis preto da nosa casa, para fuxir dos xeralismos.

Hai moito máis que contar sobre curtas, pero o máis importante non é falar delas senón velas. Cando teñan oportunidade, non deixen de acudir ó cine, Ateneo, festival ou onde queira que exhiban curtas. Vanse sorprender coas historias e moitos van desexar rodar unha. Pois ben, xa está nas mans de moitos cidadáns correntes. Francis Ford Coppola xa nos advertiu de que chegara esa era na que todos podiamos ser cineastas. Soamente hai que ter algo que contar, e nesta inaugurada era do chapapote, xa todos temos unha historia, ¿non si?

Lidia Mosquera traballou na creación do programa "La Noche + Corta" de Canal + España, sendo coordinadora de producción e contidos, dende o programa número 1 ata o 107, no que foi eliminado da programación.



LEMBRANZA DO BARRIO DE CANIDO E A SÚA MEMORIA HISTÓRICA

Por Juan J. Burgoa Fernández

*«Hei d-ir de xolda
a Canido
e falar, mozo,
contigo».*


Pérez Parallé

Como ocorre na maioría das cidades, a historia de Ferrol e o seu Patrimonio Cultural non pode comprenderse sen ter en conta a evolución histórica dos seus barrios, a súa memoria patrimonial e as tradicións dos seus veciños. Hoxe asístese a unha necesaria recuperación e posta en utilidade dos valores materiais e culturais do Ferrol da Ilustración, quizais cun certo esquecemento doutras épocas históricas e tamén dos barrios periféricos. Cando o innegable fulgor neoclásico de nosa cidade pode chegar a tapa-los nosos ollos, coido que é o momento de lembrar que o coñecido barrio ferrolán de Canido é un bo exemplo deste esquecemento e, tal como pasou noutros casos da nosa urbe, vai sufrindo a perda física da meirande parte dos seus sinais de identidade.

Como contraste desa cidade ilustrada e de racional urbanismo, recreada no século XVIII arredor do Arsenal Militar, coa formación dos barrios da nova planta da Magdalena, burgués e funcionarial, e Esteiro, obreiro e traballador, artellados co xa existente de Ferrol Vello, mariñeiro e pescador desde antigo, mediante a que foi unha fermosa e funcional Alameda, o barrio de Canido foise formando paseniñamente desde época medieval como unha continuación natural de Ferrol Vello, nos seus comenzos cunhas casiñas espalladas ao longo dun vello camiño que subía desde as proximidades da antiga capela de San Roque, polo lugar que hoxe practicamente se corresponde coa rúa de Atocha, contra o outeiro de Canido e que logo continuaba baixando pola ladeira de poñente pasando pola Fonte de Insua, cara á enseada da Malata.

Para algúns estudiosos da etnografía, este vello camiño tamén puido ser o inicio dunha ruta costeira de romeiros que levaba desde a ermida de San Roque ata a capela de Santa Comba. Continuaba logo pola ribeira cara a San Andrés de Lonxe ou Teixido, rematando así un deses vellos camiños, enchidos á vez de máxia e de sacralidade, propios da Galicia Atlántica, que levaban os peregrinos ata os santuarios que se consideraban os lugares lendarios da fin das viaxes da Virxe e dos Santos milagreiros, chegados pola mar nunhas embarcacións que logo de varar na costa transmutábanse en tradicionais pedras de culto.


No que se refire á súa toponimia, semella que o seu nome de Canido deriva dun vello casal alí existente, o Casal de Anido, así chamado xa no ano 1472, baixo os derradeiros anos do reinado de Enrique IV o Impotente, cando aparece citado nun documento da devandita data no que os monxes benedictinos de San Martiño de Xuvia aforan ao señor Diego de Andrade e á súa dona María das Mariñas o Casal de Anido, xuntamente co veciño Casal de Insua, daquela ambos terreos pertencentes á freguesía de San Xiao de Ferrol.



Vista xeral de Ferrol no ano 1812. Ao fondo, o Cemiterio e o Muíño do vento de Canido



O contrario que o barrio de Ferrol Vello, dedicado á pesca e á salgadura de peixe, Canido tivo unha orientación esencialmente agraria e labrega, coas súas vivendas cercadas de leiras e hortas onde se cultivaban especialmente a vide e os cereais. Foi coñecida primeiramente como Aldea de Canido, do que se conserva na Costa do Raposeiro o vello letreiro así nomeado, e que, desde fins do século XVIII, ó construírse o cerco fortificado da cidade, tomou o nome do Barrio que hoxe conserva.



O Cruceiro de Canido no ano 1867

No século XIX o barrio de Canido aínda non tiña parroquia propia e así, no monumental Diccionario xeográfico-estadístico-histórico de Pascual Madoz do ano 1845, que logo recolle no ano 1858 a Historia de Ferrol de Montero Aróstegui, aparece dividido en dous para os efectos da administración municipal, engadíndose a Ferrol Vello as rúas Alegre (o que hoxe é Alonso López), Molino de Viento, Fonte de Insua, Atocha e Estrela mentres o facían ó Centro ou Magdalena as rúas San Diego, Castañar, Alegre, Almendra, Pardiñas, Extramuros e Cruceiro de Canido. Máis tarde creáronse as actuais freguesías de Santa Cruz e San Rosendo que veñen a corresponderse con aquela división administrativa.

A súa actual configuración urbana, arredor da praza do Cruceiro, encrucillada inmemorial que é a referencia e o corazón latexante do barrio, aseméllase aínda á que tivo tempos atrás, conservando algunhas casas de arquitectura popular e escasos camiños e recantos tradicionais mentres que vellos e suxerentes topónimos amosan e lembran a súa historia: Praza da Tahona, Fonte de Insua, Cangrexeiras, Molino de Viento, Corral de Chapón, Estrella, Praza do Cruceiro, Casa do Pobre, Miramar e O Raposeiro. Así a Praza da Tahona puido derivar o seu nome actual dun vello e cercan edificio que albergou os antigos fornos e fábrica de pan ou quizais do algo máis alongado Campo da Tafona o das Redes, onde estivo a insignia o rolo xurisdiccional da vila, e que algúns historiadores sitúan nos terreos hoxe ocupados polo Parque Municipal. Tamén a actual rúa Molino de Viento lembra o antigo muíño de vento que xa aparece debuxado nun plano de Ferrol do ano 1627.

«Vellos e suxerentes topónimos amosan e lembran a súa historia»

Aínda que hoxe modernas e discutibles construccións de vivendas, varias delas cooperativas, e novas rúas como as de Pérez Parallé, Navegantes ou Barrié de la Maza danlle a Canido unha nova e pouco atraente fisionomía, paseando cos ollos abertos polo barrio aínda hoxe se poden ver as leiras, ás veces como hortas traseiras de pequenas vivendas unifamiliares, onde se seguen cultivando os productos da horta e froiteiros, mesmamente se poden ver árbores de kaki e de kiwi, mentres nas súas rúas máis tradicionais algunhas casas aínda adobían os seus balcóns con flores e exóticos caraveis do ar ou ben se colga algunha gaiola onde canta un xílgaro ou un mixto.

Derrubada co nacemento do século XX a histórica Porta de Canido, por onde entrou o exército francés do xeneral Soult en xaneiro do ano 1809, e mentres segue pendente unha axeitada actuación nos miradoiros da ría, algúns símbolos do barrio como a a vivenda de arquitectura tradicional coñecida como a Casa do Pobre, reflectida co seu patín e corredor nos traballos de moitos artistas plásticos ferroláns, amosa a súa desfeita na rúa Alegre ou tamén no antigo depósito de auga, que tantos anos exerceu de faro terrestre do barrio e de lugar de encontro vecinal, espera en capela a súa condena a morte derrubado pola piqueta material e mental dos seus xuíces. Como contraste o cercan Corral de Chapón, intelixentemente rehabilitado para o uso veciñal, deixa en nosa mente a impresión inesquecible dun recolleito e bucólico rincón.

Por outra parte, o chamado Chalé de Canido, obra de estilo ecléctico de Rodolfo Ucha con cer-



O Cristo da Tahona
nunha fotografía dos anos 60 do pasado século




tas reminiscencias das casas de indianos, segue agachado, xunto co seu xardín de exóticas especies, da súa visión pública e a penas amosa a súa rechamante torre por enriba da anódina muralla que o aisla do exterior. Mentres, está pedindo unha boa man de pintura unha peculiar construcción, que se encontra protexida por catálogo como a anterior, e que no seu día foi Residencia de Suboficiais, largacío edificio esquinal da praza de Canido que é unha recoñecida e coherente mostra do estilo racionalista.

En canto ás intervencións previstas no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) estanse a iniciar actuacións como a ordenación do solo urbano xerado trala desaparición da fábrica FENYA, prevéndose realizar unha conexión viaria entre as rúas Santos e Alegre, así como a prolongación da rúa Pérez Parallé ata a súa unión coa rúa Navegantes converténdose nunha vital arteria para o barrio. En ámbolos dous casos o Concello prevé un aproveitamento residencial con reservas de solo para zonas verdes e equipamento que oxalá sexa axeitado.

Baixando desde o belido miradoiro do antigo Baluarte de Santiago, a través da rúa Celso Emilio Ferreiro, pódese percorrer a parte máis occidental do barrio onde, aproveitando a lixeira aba de caída cara á ría, desde tempo atrás se vai formando unha pouco arranxada zona residencial, en terreos de cualificación rural segundo o devandito PXOM, cunha clara maioría das construccións unifamiliares dotadas dunha arquitectura dominante de certa calidade mais cunhas características pouco tradicionais e que non se integran axeitadamente no contexto paisaxístico. Tamén neste lugar se atopa a esquecida e desleixada Fonte de Insua co seu lavadoiro, que substitúe a orixinal do século XVIII, feita baixo a dirección de Sánchez de Aguilera.

Pola rúa San Eugenio ou dos Mortos, hoxe rúa da Coruña, subiron ata o ano 1953 os enterros cara ó vello e desaparecido cemiterio municipal de Canido construído no ano 1775 e demorada a súa inauguración ata o ano 1804, sendo o primeiro deste carácter hixienista propio da Ilustración feito en Galicia despois da prohibición de inhumar os cadáveres nas igrexas e nos seus adros. Consérvase del a alterada capela de boa traza e o sobrio estilo neoclásico que perdeu un interesante retablo labrado polo mestre ebanista Miguel Villarino e que no seu día albergou o coñecido cadro de El Descendimiento, obra do ano 1816 de Agustín Robles, pintor especializado na temática relixiosa. O devandito cadro, recentemente restaurado e copia doutro orixinal de Rafael Mengs, forma parte hoxe dos fondos do futuro e esperado Museo de Ferrol.

Na praza do cruceiro érguese un lanzal exemplar coas imaxes de Cristo e a Piedade na cruz, e que é unha boa mostra da secular permanencia a través do tempo destas obras da arte popular. Desde a data de levantamento do primeiro cruceiro nesta praza, fixado polo historiador Arturo Souto Vizoso, sen achegar ningún apoio documental, no ano 1387 en presencia do conde don Fernán Pérez de Andrade, foron polo menos media ducia o número dos sucesivos exemplares, reproducidos por varios históricos gravados e debuxos de coñecidos artistas, e que, por diversas causas, foron derrubados e voltos a erguer de novo.



O Corral de Chapón, arriba, e a Casa do pobre, abaixo, tal como se atopan na actualidade.

No que se refire ao Cristo da Tahona, recoñecida e sobranceira cruz de pedra de estilo gótico cunha única representación entre os cruceiros galegos da Pasión de Cristo coa presencia da Virxe, San Xoán e As Tres Marías, despois de estar moitos anos colocada como sinal de identidade na fachada dunha vivenda da praza do mesmo nome, onde inspirou unha coñecida cantiga popular, pasou logo a mans privadas debido ó habitual desleixo do noso Patrimonio Cultural. Recentemente foi recuperada, por mor dunha axeitada xestión do actual concelleiro ferrolán de Cultura, para a súa exposición pública no Museo Municipal.

O barrio de Canido ten amplas reminiscencias literarias. No barrio tivo a súa residencia moitos anos a poeta compostelá Xohana Torres, lembrando nos versos da súa obra Corazón de navío como batía o vento nas casas no alto e nas rúas estreitiñas. En Canido naceu o popular segrel Pérez Para-





Actual letreiro da aldea de Canido na Costa do Raposeiro

llé que lle adicou varias das súas sentidas composicións como a que fai referencia ó camiño de romeiros que pasa polo barrio e narra o encontro dun peregrino cunha moza na Fonte de Insua e como esta, de volta á casa, veu que o Cristo cincelado do Cruceiro tiña a mesma cara do peregrino da fonte. Outro poeta ferrolán, Manuel Masdías, do que urxe unha xustificada recuperación, adicou varias páxinas ao barrio e deixou unha vibrante poesía en castelán lembrando o emblemático cruceiro da praza.

Do mesmo xeito escritores e historiadores como Montero Aróstegui, Nicolás Fort, Leandro de Saralegui, Vázquez Rey, o mercedario eumés Guillermo Placer, Arturo Souto Vizoso, Guillermo Llorca e Margarita Sánchez adicáronse a pescudar nas orixes do barrio ou a publicitar diversos aspectos da súa historia. En particular, o pintor e escritor ferrolán José Leyra Domínguez deixounos coa súa precisa e requintada prosa unha fermosa lenda titulada Unha man ao pé do cruceiro.


Así mesmo, Canido conserva un singular Patrimonio inmaterial ou intanxible baseado en arraigadas tradicións, moitas delas herdadas da súa orixe rural, como é caso das coñecidas Festas da Santa Cruz e dos Maios. Os ritos e cerimonias das festas do mes de Maio son os residuos dos antigos cultos propiciatorios de orixe agraria, conservados con maior ou menor intensidade por moitas comunidades agrícolas europeas, e que a Igrexa, co sincretismo e a oportunidade dos que sempre fixo gala, adaptou e integrou dentro dos seus ritos relixiosos varios deses antigos costumes convertendo Maio no Mes das Flores e adoptando como súa a festividade da Exaltación da Santa Cruz. Anque as maneiras de celebración son variables segundo os diferentes lugares e culturas, teñen en común o feito de festexar o fin do período invernal e o inicio do bo tempo coa floración e fructificaciòn dos vexetais.

Debido a isto, aínda hoxe tanto a vertente relixiosa desta festividade, manifestada na procesión e Festa da Santa Cruz, como a celebración profana dos Maios, co mantido costume de adobiar con flores e follas o secular cruceiro da praza de Canido ou de levantar pequenos altares con motivos vexetais nas rúas cercanas á praza da Tahona, teñen lugar durante esas datas festivas no barrio de Canido como proba da pervivencia de vellas tradicións entre os seus veciños, coa singularidade de ser practicamente un dos poucos exemplos de permanencia urbana desta tradición no territorio de Galicia.

A todo isto contribúen, en sa competencia e meritorio traballo en común, tanto a Sociedade Recreativa e Deportiva de Canido como a Asociación de Veciños do barrio. Cun emocionado recordo ao crego Vázquez Seijas e unha especial dedicación aos meus amigos que veñen loitando polo barrio de Canido, onde eu mesmo vivín algún tempo, vaian estas liñas cheas de lembranza e agarimo co desexo de que o noso Concello teña a exemplar e cumprida actuación urbanística e de conservación do patrimonio da que este esquecido barrio, nidiamente ferrolán, é merecente pola súa historia e tradición. ⌘



A Festa dos Maios no barrio





Gustaríamos estrear na próxima
ATENEA, nº 12
unha nova **SECCIÓN** que respondese a:

¿Tes algo que contar?

- EXPERIENCIAS:
  - Laborais
  - Profesionais
  - Deportivas
  - Viaxes
  - ... etc.
- ANÉCDOTAS
- UN CONTO
- UN EPISODIO DA TÚA VIDA
- ALGÚN FEITO NOTABLE VIVIDO
- ALGÚN SOÑO ...

Sería bo para todos.
Pode ser anónimo,
... se queres.



Xa estamos a traballar nun Caderno Extraordinario sobre o tema e a "teima", nosa polo menos,
FERROL DA ILUSTRACIÓN.
Un índice tentativo xa está feito, e algúns expertos xa comprometidos, ...
¡seguiremos informando!



Boa acollida e grande éxito do último CADERNO do Ateneo sobre:

RÍA DE FERROL. A PERLA ÁRTABRA

Se como SOCIO ou SOCIA aínda non o recolliches, pasa pola secretaría e terás o TEU.



O BARRIO DA MADALENA no que estamos incardinados. FERROL DA ILUSTRACIÓN que apoiamos e tratamos de institucionalizar como sinal de identidade da nosa cidade.



MERCADO ABERTO, outra idea coa que nos sentimos identificados e saudamos dende aquí, como partícipes da vida e latexo do Barrio. Facer cidade, espacios de participación, intercambio e convivencia.



"O FALAR A DESTEMPO, ANTES DE TEMPO OU A CONTRATEMPO"

Os políticos, e moitos máis, séntense obrigados a falar, sexa do que sexa, sempre e en todo lugar. Son incapaces de controlar ese impulso que parece que se establece en canto un deles accede a un cargo público. E claro, erros moitos, rectificacións e recoñecemento das propias limitacións, poucas ou ningunha.

O primeiro obxectivo e fin da fala é comunicarnos para entendernos, mais a complexidade do ser humano, as circunstancias de todo tipo que nel inflúen, fan que ese obxectivo sempre positivo remate esvaecido de tal xeito que ás veces semella que o verdadeiro fin buscado ó falar sexa todo o contrario: non entenderse, desentenderse, falar ás paredes, ás máquinas, ós ventos,.... e se alguén escoita non só non entende senón que se confunde e queda absolutamente desconcertado, desconectado sen saber nada do que pasa.




FERNANDO FRAGA FERNÁNDEZ pioneiro dos descubrimentos arqueolóxicos do Castro de Lobadiz atópase entre nós, despois de trinta anos de ausencia, con moitas limitacións físicas, no Centro de Parapléxicos preto da Residencia. Dende ATENEA desexámoslle ánimo e forzas para superar os seus problemas e emprazámolo para que nos vaia relatando algo da súa rica experiencia vital alén dos mares. Conta con este ATENEO como a túa casa. Unha aperta.



O pasado día 5 de decembro, e por iniciativa da Sociedade "Fuco Buxán", JULIO ANEIROS FERNÁNDEZ, recibiu unha emocionante e entrañable **HOMENAXE**

O Ateneo Ferrolán, como tantas outras entidades, como tantos compañeiros e amigos, tamén se sumou a este acto, expresando coa súa ADHESIÓN a súa admiración a quen, ó longo da súa vida, foi e é un exemplo permanente de honestidade, humanidade, austeridade, eficacia e entrega.


Que o seu labor sereno e responsable por conseguir unha sociedade máis solidaria, máis culta, máis libre e máis xusta, sexa sempre un exemplo para todos.



BREVES

HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN
Ano 2002 a RICARDO PENA

O Ateneo Ferrolán, durante os últimos 7 anos, dentro da súa promoción das ARTES PLÁSTICAS, vén dedicando unha homenaxe a un artista da nosa comarca, por medio da organización dunha exposición antolóxica que vimos realizando, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña e a Concellería de Cultura de Ferrol, mostra que se realiza nas salas de exposicións do Centro Cultural Municipal "Torrente Ballester", con grande aceptación e concorrencia de público en xeral.



Poderiamos dicir, como recordatorio que, as últimas homenaxes foron dedicadas ós pintores ferroláns: Carlos Villaamil, Francisco Iglesias, Ricardo Segura Torrella, Xoan Xosé Braxe e o último D. José Leyra Domínguez.

A Mostra de Homenaxe do ano 2002 está dedicada á figura do pintor ferrolán: **D. RICARDO PENA LÓPEZ.** O acto tivo lugar o día 19 de decembro no Centro Cultural Torrente Ballester

Para a realización destas Exposicións de Homenaxe, vimos contando tódolos anos coa valiosa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, por medio da edición e publicación dun catálogo na imprenta do colexio "Calvo Sotelo".

Ricardo Pena, pintor de espacios abertos, mergullado no interior dun vial ou no amplo escenario dunha das nosas infinitas praias. Na súa obra apreciámomo-la pegada do traballo dun pintor que capta momentos, luces e sensacións que pasan axiña, pero que quedan plasmados na súa retina e que, de inmediato, traslada ó lenzo ou ó papel.

Utiliza indistintamente o óleo e a acuarela, técnica esta última moi complicada e coa que moi poucos se atreven. Malia ós seus moitos anos, a piques de ter 84, Ricardo Pena non desbota a posibilidade de saír ó campo ou á costa a pintar. Nunca realizou un cadro "por encarga", sempre pintou o que quixo e despois gozou coa contemplación da súa creación.

ALERTA ÓS SOCIOS e SOCIAS:

Temos que ser valentes e para iso, o primeiro é ser claros e decididos.
O ATENEO FERROLÁN do século XXI é posible e NECESARIO:

- Temos historia.
- Temos realidades, imaxe, espacios e boa acollida.
- Temos proxectos.
- Temos ilusión e decisión.
- Non temos cartos e temos que convencernos de que somos nós os

SOCIOS e SOCIAS

os que temos que soster a nosa ENTIDADE.

OBRIGAS:
Temos que resolver créditos en:

Cooperativa de Meirás	4.200 €
Caixa Galicia	12.000 €
BBVA	6.000 €

Abrir a SEDE ó servicio dos socios/as e público suponnos	3.500 €
As cotas hoxe chegan a	3.000 €

As AXUDAS / SUBVENCIÓNS cada vez son máis difíciles de conseguir e sobre todo de cobrar, co que nos complican moito a situación económica.

Soamente dúas mostras:

CAIXA GALICIA, dende 12.000 € que achegou ó ATENEO anos atrás, nos últimos dous anos, non achegou nin 1 euro, e .... hai que dicilo, sentímolo moito.
CONCELLO de FERROL, o convenio anual que asinamos en abril di nunha das súas cláusulas que ó asinalo aboarán o 50%, pois ben, recibimos os 6.130 € a finais de novembro, cos trastornos ,que non vos imaxinades, nos da ese atraso.

Penso que son sinais suficientes que reflicten a nosa situación.

SOLUCIÓNS:

Socios/as e máis socios/as: que cada un conquiste outro, agás o presidente que este ano xa achegou 6 ou máis.	Colaboracións: Para a Revista "ATENEA". Para actividades.	Ideas: Propostas Proxectos	Plans para realizacións culturais: (En todas elas proposta de cobertura económica)

¡UN PASO ADIANTE! Cando facemos cousas e as facemos ben, nótase no ambiente, na cidade e fóra e gañamos TODOS e TODAS.
UNHAS NOVAS DE INTERESE: está en marcha a remodelación da nosa SEDE.
Acadaremos melloras de alto interese, ... (en voz baixiña ... ¡chegaremos a poñer cotas de entrada! Precisámolo).

A XUNTA DIRECTIVA

MANIFESTO DA PLATAFORMA CIDADÁ «NUNCA MÁIS»

As múltiples e diversas entidades (partidos políticos, sindicatos, confrarias de pescadores, asociacións de mariscadores, grupos ecoloxistas, etc.) que decidimos constituirmo-nos en Plataforma Cidadán «Nunca Máis», que con carácter unitário e aberto pretende canalizar as xustas demandas da cidadania galega para a pronta reparación dos danos causados polo buque Prestige, eximimos:

- A declaración de Galiza como zona catastrófica coa imediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuéncias económicas, sociais, meio-ambientais e para a saúde provocadas polo sinistro.
- A imediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición dilixente dos meios económicos e loxísticos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración meioambiental da costa.
- A adopción de medidas por parte do Governo do Estado e da Xunta de Galiza que posibiliten que feitos como este non se volvan a repetir, con medidas dirixidas a aloxar o tráfico de mercadorias perigosas das costas, controlar o tráfico, controlar o estado dos buques e as infraestruturas portuárias que almacenan substáncias perigosas, e dotar a Galiza dun dispositivo de salvamento, loita contra a contaminación mariña e intervención rápida en casos de catástrofe suficientemente dotado.

A Plataforma Cidadá Nunca Máis entende que a catástrofe do Prestige é un desastre de dimensións nacionais que atinxe e implica ao conxunto dos cidadáns e exixe de todos os galegos e galegas unha resposta solidária.

O sinistro pon en evidéncia dun xeito sangrante a ineficácia das medidas preventivas para evitar este tipo de sinistros, a auséncia de planos de emerxéncia para facer fronte a este tipo de catástrofes, a improvisación e descoordenación nas tarefas de salvamento e loita contra a contaminación e a total escaseza de recursos técnicos e humanos para facer fronte a este tipo de situacións.

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiéncias, reclamamos a demisión das autoridades que coa sua ineficácia e irresponsabilidade permitiron que o accidente tivese as piores consecuéncias, e demandamos a efectivización das medidas recollidas na táboa reivindicativa exposta para que o desastre que padecen reiteradamente as nosas costas (Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Pátria, Casón, Mar Exeo...), e que tanto sofrimento provocan na sociedade galega non se volva a producir NUNCA MÁIS.

O ATENEO FERROLÁN por medio da súa Xunta Directiva, quere mostrar o seu APOIO e ADHESIÓN á Plataforma Contra A Burla Negra, para que NUNCA MÁIS ocorran estas agresións



Correo electrónico recibido o 23-10-02 polo socio Juan Luaces:

En primeiro lugar, quérovos felicitar polo caderno, que é do mellor dos que vin ata o de agora, e xa que o presidente nunha pequena conversa comigo antes da presentación, faloume de colaborar, vou poñer o meu gran de area. Non sei se existe, pero creo que se debería de crear unha área que atendese á cultura popular dun xeito integrado, o que é o patrimonio cultural, que é algo coa súa identidade específica.

Tamén unha pequena suxestión para unha continuación sobre a Ría. Neste número boto en falla o patrimonio cultural e a concepción cultural da ría, algo así como o que pensan as persoas e de como as persoas ven a ría.

En último lugar, eu quería achegar outro gran de area. Fixen un máster de xestión ambiental e o meu traballo de graduación foi sobre a ría de Ferrol, con tan mala sorte que fixen as diapositivas cando ocorreu o do Mar Exeo. Teño varias dos efectos da contaminación na ría, que xunto con outras, poño a disposición do Ateneo desinteresadamente, por se poden ser de interese. Un saúdo. E poñede a páxina de Internet a funcionar, non entra, e pode ser un vínculo cara á sociedade e máis efectivo que tódalas campañas. 88

Correo electrónico recibido no Ateneo o día 01-12-02, dun socio puntualizando o artigo de José Graña Carrodeguas "Aspectos físico-químicos e medioambientais ..." publicado no último CADERNO.

A XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL EN IZAR FENE

O número 16 de CADERNOS ATENEO FERROLÁN publicado recentemente leva por título "RÍA DE FERROL – A PERLA ÁRTABRA" e nel recóllense unha serie de artigos nos que se fala do deterioro que, ó longo dos anos, experimentou a Ría, e deixando entrever nalgún caso actuacións neglixentes de empresas e diversos axentes que interactúan con ela.

Neste contexto consideramos que é digno do maior encomio o comportamento medioambiental dunha das empresas emprazadas na Ría como é o caso de IZAR FENE (antes ASTANO), á que fai xa uns cantos anos que se pode considerar que está en vangarda das empresas españolas no referente a este tema. Os datos que se citan neste artigo son do dominio público, xa sexa porque foron publicados polo propio estaleiro nalgún medio de comunicación, porque foron comunicados oficialmente ós distintos organismos competentes ou, simplemente, porque dentro da súa política medioambiental recóllese o compromiso de poñela á disposición do público e demais axentes interesados.

Foi ó comenzo da década dos 90 cando empezaron a aparecer as primeiras lexislacións en materia medioambiental, considerándose o Cume de Río de Xaneiro de 1992 como o punto de arranque dunha serie de directivas e compromisos co Medio Ambiente de tódolos países do mundo. A partir desas datas empeza o lento pero firme camiñar do estaleiro cara a un comportamento que, no momento presente, constitúe un motivo de orgullo para os seus traballadores e traballadoras e unha garantía ante as distintas institucións.

O SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL DE IZAR FENE

Aínda que o cumprimento da lexislación medioambiental emitida foi sempre unha norma básica de conducta do estaleiro, hai un punto que resulta clave para chegar á situación actual. En efecto, a finais de 1997, poucos meses despois de ser nomeada a dirección actual, tomouse a firme decisión de implantar un Sistema de Xestión Medioambiental de acordo coa Norma internacional ISO 14001 e lograr unha certificación por unha entidade externa.

Púxose en marcha o proxecto de elaboración e implantación do Sistema, cun presuposto de 200 millóns de pesetas (1,2 millóns de euros) co apoio dunha consultaría externa que, en xuño de 1998, realizou un diagnóstico medioambiental inicial a partir do cal se estructurou e desenrvolveu todo o Sistema.

Polo que respecta ó tratamento dos residuos realizáronse, naquela época, unha serie de investimentos encamiñados á súa mellor xestión, entre os que destacan:

· Construcción dun almacén temporal para residuos sanitarios

· Construcción dunha nave para almacenamento temporal de residuos líquidos procedentes do lavado de tanques e similares

· Adecuación dunha nave de almacenamento temporal de residuos perigosos tales como latas de pinturas, graxas, etc.

· Rexeneración de solos contaminados

Definíronse procedementos de control operacional sobre residuos, auga e aire con obxecto de establecer exactamente tódolos procesos derivados da súa xestión, así como a periodicidade e os parámetros a analizar nas augas (fecais, pluviais e de procesos) e nas emisións á atmosfera.



CERTIFICACIÓN DO SISTEMA

Unha vez implantado o Sistema e comprobada a súa eficacia despois das diversas auditorías internas e da revisión realizada pola empresa consultora, a Dirección decide sometelo a unha Auditoría de Certificación externa, a través da prestixiosa entidade Det Norske Veritas (DNV).

O proceso de certificación iníciase en marzo de 1999 cunha visita inicial dos auditores do DNV ó estaleiro, continúa coa auditoría propiamente dita que se realiza entre o 31 de maio e o 3 de xuño e finaliza o 9 de xuño de 1999 coa emisión do Certificado de cumprimento coa Norma ISO 14001 coa acreditación de ENAC (Entidade Nacional de Acreditación e Certificación).

Naqueles momentos, o estaleiro pasa a ser a primeira empresa da comarca que consegue ter unha certificación ISO 14001 ó tempo que é o primeiro dos grandes estaleiros de España que o logra.

SITUACIÓN ACTUAL

Transcorridos máis de catro anos dende a data da auditoría de certificación, o Sistema foi mellorando cada día ata o momento actual, en que todos e cada un dos traballadores do estaleiro e das industrias complementarias que traballan internamente teñen perfectamente interiorizados os seus principios, son firmes defensores da política medioambiental e contribúen ó logro dos obxectivos establecidos anualmente pola Dirección como vehículo máis eficaz **para a mellora continua.**

Anualmente o DNV realiza as auditorías de mantemento (cada ano) ou de renovación do certificado (trienal) constatando nos seus informes os notables progresos experimentados; a última das auditorías (de renovación do certificado) tivo lugar o pasado mes de outubro e nela os auditores, despois de catro días de revisión profunda de todo o Sistema, felicitaron publicamente á Dirección e animárona a seguir na mesma liña.

CONCLUSIÓN

Gustaríame destacar como conclusión deste artigo que IZAR FENE é unha empresa cun comportamento medioambiental impecable, que se caracteriza por un cumprimento estricto de toda a ampla lexislación aplicable, por un profundo respecto á natureza e cunha política medioambiental enfocada claramente á mellora continua.

Os seus vertidos están permanentemente controlados mediante análises periódicas e sistemáticas, dispón de tres depuradoras a través das que se canalizan todas as súas augas fecais (ó contrario que as de tódolos municipios que verten á ría que o fan directamente), analiza emisións de aire á atmosfera, mide niveis de ruídos para controlar a contaminación acústica, xestiona con todo rigor todos os seus residuos tanto perigosos como inertes, ten establecido un Plan de Minimización de residuos co que pretende non so reducilos senón aumentar as porcentaxes de reciclaxe e de valorización deles, etc.

A certificación por unha entidade externa do seu Sistema de Xestión é a mellor garantía deste cumprimento, pois pasa de ser unha consideración subxectiva a un tema plenamente obxectivo e respaldado por informes de profesionais competentes.

Por último dicir que, na miña opinión, unha empresa infrinxe cando existe lexislación que lle obriga, pero non antes. O estaleiro cumpriu, cumprirá e cumpre escrupulosamente toda a lexislación medioambiental que foi emitindo, non podendo ser considerado responsable de posibles contaminacións existentes nas súas proximidades e a súa procedencia está por determinar. Por exemplo, non debe esquecerse que o río Magalofes cruza o estaleiro (abovedado) e desemboca nos seus peiraos e o control da súa posible contaminación non lle corresponde ó estaleiro. ✠

Ferrol, 7 de decembro de 2002
Asinado: Socio nº 259 do Ateneo Ferrolán

ÚLTIMA HORA

O Ateneo Ferrolán expresa o seu hondo pesar coa triste nova, que nos chegou o día 21 de decembro, do pasamento de

JOSÉ HIERRO

figura inigualable da poesía universal e a quen, esta Entidade, quere rendir a máis sinxela das homenaxes.DEP.

O PARNASO



La historia no es impaciente
pero mantiene sus ficheros al día
M.Benedetti (*Quemar las naves*)

Cáseque na sombra
foron arrepañándoo todo;
o leite era moito,
a terra traballada, moita,
o peixe era moito,
soutos e carballeiras, moitas
e moitos, tamén, os traballadores novos.

Deixáronnos, a cambio,
a tristura silente polas terras baldías,
ferrados e ferrados de eucaliptos,
moitos,
leite negro, moito,
e unha xuventude branca
desatrelada da terra.

E aínda hai quen di
que nos vai ben co turismo,
dos outros,
co ocio con selo made in usa,
dos outros,
que nos vai ben coas mortes periféricas
que abranguen a outros mortos,
coas moreiras de aparatos
que custan servidumes;



e sabémolo...
-sábeno-
que lles vai ben ós que mandan
mentres seguen a zugar no sangue
dos que levan a cor azul cinguida no seu lombo.

Mais de tanta présa en medrar no lombo alleo
a garda descuidouse,
de tanto secular zugar, tinguíronse de negro as pegadas
das súas ferrentas poutas:
e a súa obra quedou aí, mirando cara a nós,
cando tan só vento e azul sabían percibir os nosos ollos;
e asfaltáronnos as augas
e tinguíronnos as costas
coa negra pel que xurde das escurecidas almas;

e chegou a morte pecha
a Cedeira,
a Doniños,
a Valdoviño e Campelo,
a Laxe,
a Camelle e Camariñas,
ó Coído,
a Touriñán,
a Corcubión e Corrubedo,
a Mar de Fóra,
a Sálvora, Ons e as illas Cíes;

e morreron nas praias os mascatos,
os golfiños,
os araos,
os mazaricos,

e a herba de namorar, que medraba
polos cons abertos que miran cara ó Atlántico;

unha morte a presas que quedou nos ollos
de tódolos poboadores desta Galicia nosa,
unha morte a presas que se agacha no futuro
deses homes e mulleres que miran cara ó mar.

Hoxe a nós, poetas do presente, tan só nos queda
asinar en cor vermella este firme compromiso:
Non máis verbas poéticas de mar ataviadas,
non máis versos cinguidos a líricas profundas,
non máis libriños mansos
que adoiten a templanza tralas follas;

hoxe tan só queda para nós un bruído urxente,
semellante aquel que nos deixou Maruja Mallo
cando, agachada entre os espiños das buguinas,
levaba outra coraxe cinguida polo oculto:
"*Me cago en la jodida mística del arte.*
Me cago en el oscurantismo armado.
Me cago en los muertos insepultos de la Edad Media".

E namentres,
que permanezan apagados tódolos faros que alumean
as nosas costas, de Ribadeo a Tui
-porque de nada han servir ós nosos mariñeiros-,
que calen os silencios aínda abertos
ó son de tan negra incompetencia,

que todo o territorio onde Galicia se conforma
retumbe coas bágoas e a carraxe
que sosteñen este berro:
¡A por eles, xa!
¡A por eles, xa!
¡A por eles, XA!

Rosa Méndez Fonte

I

Saiu o congro do seu furado
re
tor
cén
do
se
e cuspindo sangue negro.

II

Viñeron de tódolos mares
dos océanos do mundo
e xuntáronse en asamblea;

alí estaban
as robalizas, os meros, as pescadas,
os xurelos, as maragotas, os bacallaos,
as sardiñas, os ollomois, as xardas,
os berberechos, as navallas, os mexillóns,
as ameixas, os polbos, as nécoras,
os arroaces, as baleas, os tabeiróns
e tódolos peixes de Bernardino Graña,

rodeándoos,
en perfecta formación,
milleiros de peixes espada
protexían a xuntanza,

no ar
dez mil mascatos
vixiaban o inimigo

e contra eles
-os armadores sen escrúpulos
e os políticos do quedabén e non facer ren-
dictaron sentencia condenatoria.

III

Entrementres
as buguinas oulcaban
os berros cheos de carraxe
dos mariñeiros
da miña patria.

IV

E xa non pode a lura
emprestarme
a súa tinta
para escribirche unha carta de amor.

Xosé Leira López

NO CRUCEIRO

SE VES COÑECER GALICIA
E NAMÓRASTE DUNHA MOZA
DEBAIXO DUN CRUCEIRO
DÁLLE UN BICO NA BOCA.

LEVARÁS ESE RECORDO,
DA GALEGA QUE NAMORA
Ó PÉ DESA GRAN CRUZ
QUE É TÍPICA É DE ARTE
DESTA TERRA MEIGA NOSA.

Loli Leira
(Día das Letras Galegas 1985)

Á MULLER

Camiña por un labirinto de paixóns,
os saloucos e os sorrisos
lévana polo taboleiro do xadrez.
Sabedora de que ninguén perdoa
a vida dos peóns, érguese a cotío
sen saber se ha loitar coas dúas torres,
cos cabalos, co rei ...
Mais, aínda que ela sabe que os peóns
levan case sempre as de perder,
ela é rachadora dos refráns,
remendadora de roupas rachadas
dos corazóns dos corazóns amigos,
atadora das redes das que poucos
peixes fuxiron, ela, ela non é un peón máis,
ela é unha raíña sen coroa,
aínda que a teña merecido,
por canto calou, por canto escoitou,
por canto ben fixo. Ela é unha peza
coa que poucos tropezan,
e sen facerse ver, está pero non está,
non fai falla gañala porque sempre a tes,
é nai, é dona, é filla,
sen coroa é raíña,
ela é unha MULLER.

Rosa Mª Martínez Dios
(*Cando Falan as buguinas*. Ediciones EMBORA, 2002)

O PARNASO



No Ateneo foi presentado o libro de poemas "O SANGUE DOS ÁRABES" de LINO BRAXE, solidaria homenaxe á poesía e á cultura árabe, a través da figura de Omar Khayyam ,velaí tedes uns exemplos:

Poemas saharauís:

DESEXO

Agora que me pronuncio rebelde,
Teño novas ansias cada día
Por contemplar o teu sorriso.

A HAMADA

Labios con pesares
de astros ao amencer
e veas de auga muda.

Canción de almas
e sudario do vento.
amor de area dura.

Poemas doutro destino:

BEIRUT

A cidade foi derruída,
devorada polas chamas.
E pouco sentido ten
Deixar escrita a súa caída.

Se pertences aos humildes,
non escoites os senadores.
foxe coa escoura ao bosque,
e procura evitar
eses pensamentos poéticos
que igual poderían levarte
a cometer algún acto heroico.


A guerra inexorable apreta.
Regresa á infancia,
E cando emprendas o exilio
Entoa as cancións do teu clan.

Do azul ó mouro ¿ata cando?

ESTE O NOSO INMENSO MAR que antonte reflectía
no seu leito
os luceiros do alto firmamento.
Aquela praia, na que os teus nus pés debuxaban
as historias
que nas rochas recitaban as lucentes ondas,
os luxuriantes e doces aromas
dos xabres, das cunchas
e dos soños.
Esta praia,
estas rías, aquel abano de arrecendos
que o peito agradecía;
e o mariño azul
enmarcando o pratear das escumas:

apocalipticamente,
viráronse
na maldición dunha moura pestilencia
-viscosa serpe parida do pezoñento pecio-,
esparexendo inmundicia
sobre os mariscos, os peixes
e as aves denegridas,
e sobre as xentes ribeiráns:
IMPOTENCIA,
desesperación e incertezas;
ante a ineptitude dos elixidos césares,
que deixaron penetrar as funestas gadañas
-segadoras de espigas dun litoral de vidas-
nos mares e as costas
da maltratada Galiza.
¿Ata cando ?

Mario Valdivieso





CONVOCATORIA

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a:

Por medio da presente comunicación convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que terá lugar no Salón de Actos da nosa entidade, o luns día 3 de marzo ás 19.30 horas en primeira convocatoria e ás 20.30 horas en segunda, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.
2.- Informe de xestión da Xunta Directiva saínte.
3.- Informe económico da Xunta Directiva saínte
4.- Rogos e preguntas
5.- Elección da nova Xunta Directiva

O proceso electoral rexirase polo establecido no Capítulo XI dos Estatutos segundo o seguinte calendario:

22 de xaneiro -	Convocatoria de Eleccións
26 de xaneiro -	Último día para posible impugnación da Convocatoria de Eleccións
29 de xaneiro-	Último día para Constitución da Mesa Electoral
8 de febreiro -	Último día para presentación de Candidaturas
12 de febreiro -	Último día para proclamación de Candidaturas
15 de febreiro -	Inicio da Campaña Electoral
3 de marzo -	Realización da Asemblea Xeral Ordinaria Elección da nova Xunta Directiva

No período da Campaña Electoral (entre os días 15 de febreiro e o 1 de marzo) tódalas Candidaturas poderán utiliza-lo Censo de Socios/as, así como dispoñer das dependencias do Ateneo Ferrolán para desenvolve-la súa campaña.

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,




Feliz Ano 2013

POR: ADRIANA FDEZ. ACEBO

1. Coa axuda dos teus avós ou familiares maiores, atopa o nome de 6 cantigas tradicionais do Nadal.

M	I	V	N	A	D	A	L	E	S
A	E	G	C	L	E	F	Ñ	O	A
N	Z	O	T	V	U	Q	C	B	Ñ
U	T	B	D	P	F	I	S	D	I
E	R	I	Ñ	U	C	L	G	A	L
L	X	G	C	N	O	D	C	F	O
A	O	B	A	P	V	Ñ	Z	U	X
S	A	L	P	B	X	I	O	T	N
E	I	S	O	V	O	N	I	N	A
V	X	A	N	E	I	R	O	S	P


2.



3. A ver se es quen de descubrir os 10 erros agochados no debuxo B



4. Estes rapaces precisan atopa-lo camiño para irlle cantar ós veciños as cantigas do Nadal e xunta-lo aguinaldo. ¿Poderás axudalos?



Solucións


1. Nadales, Aninovos, Panxoliñas, Manuelas, Xaneiros, Vilancicos.

2. Dromedario

3.



4. Entrada: B. Saída: 2



A IMAXE

JORGE MEIS

NUNCA MÁIS



ATENEO FERROLÁN

www.ateneo-ferrolan.org